



anda!na

66

revista galega de pensamento feminista
decembro 2015 prezo: 10 euros

**o meu
corpo
non quere
a túa
opinión**

- 3 Editorial**
- 4 Denuncias e comentarios**
- 10 Manifestación 7N**
- 12 25N Compostela en negro**
- 13 Película pioneira da historia do cinema na temática da violencia de xénero**
Anna Amorós Pons
- 15 Obreiras do teléfono: chamando desde a precariedade**
Sylvia Moreiras
- 18 Conciliando maternidade e feminismo**
Estrela Vilaverde
- 20 Ser muller e non querer ser nai**
Verónica Rodríguez Alba
- 22 A igualdade entre mulleres e homes: O vaso medio baleiro?**
Paloma Uría
- 26 Mulleres do estraperlo**
Raquel Castro
- 28 Geeks, gafapastas, modernos... e machistas**
Marta Veiga Izaguirre
- [LEMBRANZAS] **32 Conxeta, monxa por devoción e pianista por vocación**
Anna Amorós Pons e Dora Albentosa Labuiga
- [LIBROS] **34 *Malditas de Itziar Ziga***
Estrela Vilaverde
- [LIBROS] **36 Mulleres chanadoras, retratos feministas contra o esquecemento**
Zélia Garcia
- [LIBROS] **38 *O derradeiro libro de Emma Olsen de Berta Davila***
Patricia Arias Chachero

Revista Galega de Pensamento Feminista
Ano 2015
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Ana Luísa Bouza Santiago
Zélia Garcia
Laura Gómez Lorenzo
M.ª Teresa Gómez Louzao
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Vilaverde

Colaboran neste número
Anna Amorós Pons
Sylvia Moreiras
Estrela Vilaverde
Verónica Rodríguez Alba
Paloma Uría
Raquel Castro
Marta Veiga Izaguirre
Dora Albentosa Labuiga
Zélia Garcia
Patricia Arias Chachero
María Vieites

Deseño gráfico: uqui.net
Imprime: **Grafisant, S.L.**
D.L.: C-1.146-88

EDITORIAL

Sermos feministas, irmás, practicar a sonoridade. Procurarmos un mundo de mulleres libres desde un país como o noso. E, partindo destas dúas frases, utilizamos métodos moi diversos para os mesmos fins.

A violencia machista sempre foi un dos fundamentos da nosa loita e unha das principais lacras desta sociedade que combatemos desde os feminismos. Porque querémonos vivas e non nos cansamos de berrar que non atuaremos a perda de #ninunhamais. Que apostamos polos bos tratos, que a educación en igualdade é fundamental, que o amor romántico é culpábel de tanto. E que isto é moi grave, que desde as institucións hai moita propaganda, pero pouco orzamento, que os medios de comunicación continúan perpetuando estereotipos sobre asasinatos machistas e crimes paixonais, e que queda unha chea para rematar con esta situación que leva arrincada a vida a 43 mulleres no Estado este ano. Por iso participamos da marcha estatal contra a violencia machista o 7 de novembro, en Madrid. Ruximos desde as rúas da *capital* pola autonomía das nosas vidas, dos nosos corpos, por sobrevivir a tanta crueldade e á tiranía do machismo.

Mais a existencia destas certas das que falamos non xustifica a corrente activista e ideolóxica que define todo conflito entre mulleres e homes como indicio de violencia

patriarcal. Unha tendencia que inicia cazas de bruxas, que en lugar de problematizar, culpabiliza e personaliza comportamentos.

Corremos o risco de converter esta viaxe colectiva pola nosa liberdade nunha intimidación, errando de inimigo, nunha aventura onde volvemos ser as eternas vítimas ou onde só a violencia, baixo o slogan de autodefensa, sexa a saída. Unha volta punitiva ou lonxe da resolución de conflitos de xeito colectivo ideal pola que deberíamos pelexar.

Consignas como *machete ao machote, se te maltrata, mátao*, podemos entendelas como provocación, denuncia para empoderar e afastarnos da imaxe vitimizadora eterna das mulleres. O problema xorde cando hai quen toma isto ao pé da letra, no peor sentido da mesma.

Non compartimos o feminismo de pensamento único, porque formamos parte desas outras voces que defenden a palabra autorizada das traballadoras sexuais, porque nos importan as liberdades individuais e colectivas, contra as censuras en cuestións como a pornografía ou a publicidade. Porque apostamos por construír outro mundo, sen dogmatismos nin verdades absolutas, onde non sempre haxa boas nin malos da película, senón un futuro no que construamos novas identidades, que nos encorseten menos nos

roles asignados ao código binario muller-home. Un presente no que non afastemos os que nos incomodan, senón que aprendamos a pensar na igualdade e en fabricar a xustiza en común. Acreditamos na democracia, en mirar o que acontece con lentes lilás para transformalo todo e, desde os nosos posicionamentos, aportar o noso gran de area para continuar mudando a realidade. Porque moito temos avanzado e desde o optimismo é como queremos construír o que está por vir.

Emma Goldman dicíanos: «non somos nin fomos loitadoras contra os homes. Non queriamos substituír a xerarquía masculina por unha feminina. É preciso que traballemos e loitemos xuntos, porque se non, non haberá revolución social». Niso estamos. ■

denuncias e comentarios



Perú: Esterilizadas contra a súa vontade

Na década de 1990, máis de 200.000 mulleres indíxenas e campesiñas foron esterilizadas en Perú no marco dunha política de control demográfico dirixida ás persoas que vivían na pobreza.

Existen sólidos indicios, di Amnistía Internacional, de que o persoal médico recibía presións para acadar cotas de esterilización e de que, na maior parte dos casos, as mulleres non deron o seu consentimento libre e informado. Elas e as súas familias foron presuntamente ameazadas con multas, penas de cárcere ou a retirada da axuda alimentaria se non se sometían á operación. Dezaoito delas morreron e moitas non recibiron tampouco os cuidados postoperatorios acaídos e a consecuencia disto sufriron problemas de saúde.

Só 2074 casos foron obxecto dunha investigación e só un, até o de agora, tivo resposta xudicial.



En 2002, unha Comisión do Congreso determinou que as esterilizacións se practicaran «sen consentimento das usuarias» e que houbera implicación do goberno da época. Considerando estas conclusións, formuláronse denuncias contra **Alberto Fujimori**, daquela presidente, e outros membros do seu goberno.

Ao longo dos anos, a xustiza mostrouse lenta e ineficaz. Porén, existe esperanza, xa que hai uns meses reabríronse os casos e, nestes momentos, o Ministerio Público está investigando a práctica xeneralizada de esterilizacións forzadas.

En Perú violáronse os dereitos sexuais e reprodutivos de milleiros de mulleres. Os seus corpos e os seus dereitos foron vulnerados contra a súa vontade, con engano e con información falsa, baixo a premisa de reducir a pobreza. É unha das campañas que lanzou a mediados de outubro Amnistía Internacional convidándonos a actuar. ■

O Partido Popular desprotexe a unhas 400 menores ás que abocará a un aborto clandestino

A reforma da lei que aprobou o PP en solitario fai dunha excepción á norma. Estudos de ACAI confirman que a porcentaxe de mulleres de 16 e 17 anos que accederon a una IVE é do 3,60 %; delas, só un 12,38 % non puido informar aos seus pais. Con respecto ao total de mulleres que acceden a un aborto, este grupo tan só representa un 0,44 %. Case o 90 % das menores informaron os seus titores e acudiron acompañadas deles a interromper a súa xestación, polo que podemos afirmar que o PP protexe a unhas menores, as que poden e comunican a seus pais a situación, que xa están protexidas e pon en risco, e afonda na súa desprotección, as menores que a anterior lei amparaba.

As razóns principais polas que unha muller de 16 e 17 anos non comunica a seus pais a situación son: desamparo familiar, familias desestruturadas, proxenitores no cárcere, risco de sufrir malos tratos, mulleres emancipadas que residen no país sen os seus pais, enfermidade paterna/materna invalidante, pais abertamente contrarios ao aborto provocado ou pais que por vontade propia renuncian a coñecer e a acompañar a menor. Estes datos formaban parte do comunicado de ACAI, Asociación de Clínicas Acreditadas para a Interrupción do Embarazo, unha asociación estatal que naceu en 1997 sen ánimo de lucro e que é a única que conta con centros acreditados independentes do Estado español. Funciona como unha rede solidaria en 20 cidades e 12 comunidades autónomas, estando todas elas acreditadas. ■

A sociedade vai cambiando, claro que si. A revista de *El País*, *Tentaciones*, número 6 (novembro, 2015), no artigo «Cuestión de género» dá boa conta dalgúns cambios moi relevantes e visibles a respecto desa cuestión. Disney tivo que envaiñar a súa distinción de disfraces de princesa e de vaqueiro para nenas e nenos e para este Halloween sacounos indistintamente no seu etiquetado para *kids*, que é un termo neutro. Non é que a poderosa industria estea reflexionando sobre o devir da sociedade e a cuestión dos xéneros, os sexos, non. A cousa, coma sempre, vén da man do barullo que tantas nais de fillos transxénero fixeron nas redes sociais ás que se uniron outras moitas fartas de que lles digan que teñen que levar as nenas e que os nenos, de que haxa corredores rosas e azuis. Aquí a Fundación Daniela lanzou unha campaña, «Deixádenos ser o que nos dea a gana», e conversas con famosos da moda ou da televisión, «caras visibles desta revolución» —di o texto de Leticia García—. Algunhas declaracións son moi interesantes e dan para pensar que ese encaixonamento binario home/muller é un corsé que vai rompendo, porque non se pode soste-

Miley Cyrus: «Dá igual como vista ou como me queiran ver. Non me sinto nin home nin muller».

Miles Sarandon: «Visto así porque me sinto feminina (adxectivo), pero non quero ser muller (nome)».

Grace Dunham, séntese home e muller. No seu twitter faise chamar Simon-Grace.

Naceu Kathlyn, hoxe é Stephen, fillo de Warren Betty, quen ten agora un blogue de temas transxénero.

Casey Legler, ex-nadadora olímpica francesa, a primeira muller en asinar como modelo masculino para unha grande axencia, Ford Models.

Hari Nef, criouse en Newtown, Massachusetts. Naceu como neno. Decidiu mudarse a Nova York e aí sentiuse con máis confianza para identificarse como transxénero, pero asegura que nunca foi un segredo. A rapaza, de 22 anos, é a segunda modelo transxénero en asinar coa axencia IMG Models. Valentijn De Hingh foi a primeira, pero Nef é a primeira en facer campañas globais. ■



Fíos fóra, un documental feito por Illa Bufarda (Sabela Iglesias e Adriana P. Villanueva) por encarga de Amaranite SETEM, unha ONG coordinadora da campaña «Roupa limpa», que se estrea en novembro.

O filme quere desvelar o traballo de milleiros de mulleres galegas (as costureiras) que coseron e coseron, moitas desde os 11 anos, para empresas do téxtil que se enriqueceron grazas a explotación desas mulleres que traballaban en precario, que cobraban apenas nada por horas de traballo para entregar as prendas feitas.

Este modelo que retrata o documental estendeuse polo planeta e a riqueza de empresarios de éxito está baseada nese xeito de facer as cousas.

Non lles foi fácil ás realizadoras do filme conseguir que aquelas mulleres, as costureiras para empresas téxtiles, falaran para a cámara. Tamén pola súa propia conciencia de non seren traballadoras, senón de axudar ao salario familiar ou ao salario do marido.

Sorprendeulles que o tema fose tabú en moitas vilas —dixeron—, particularmente na contorna da Coruña. Non foi doado desvelar o que achegaron á economía galega (apenas hai datos por ser somerxida), a dificultade de organización en sindicatos ou organizacións de defensa dos seus dereitos e salarios...

Confrontar, tamén, as persoas consumidoras coa cuestión. A roupa que levamos, que agacha, que conta, que pode dicirnos e que podemos facer nós fronte a iso. ■



Nos meses de marzo e abril 2015 as MUGRE organizaron estas xornadas feministas. É interesante o deseño do cartel, con esas cabezas nesas corpos que suxiren máis dunha lectura, e é unha mágoa que ao final non nos enviaran algún relatiño para deixar constancia na nosa revista do seu traballo. ■



Unha das universidades máis importantes de Tailandia, a de Bangkok, creou novas pautas para os uniformes que alí son vestimenta oficial aprobada pola propia institución.

A novidade é que incluíu uniformes para os estudantes transexuais. Así, as rapazas que se senten como rapaces poderán elixir entre unha saia negra ou uns pantalóns máis cinguidos que o dos varóns. Pola súa parte, os rapaces que se senten máis rapazas, poderán optar pola mesma saia ou por uns pantalóns cun tiro máis alto. Deste xeito, os estudantes poden vestirse de acordo ao seu xénero elixido sen saír do código de vestimenta oficial do centro.

A visibilidade das persoas trans é maior que na nosa sociedade e isto non é máis ca un sinal diso. Existen algunhas escolas de educación secundaria que construíron aseos terceiro xénero para o alumnado que no se sinta a gusto nin nos servizos de homes nin nos das mulleres. ■



Olivia Muñoz-Rojas


O 19 de marzo de 2015 **Olivia Muñoz-Rojas**, socióloga, publicaba no xornal *El País* un artigo co título «Atractivo sexual: homes políticos y capital erótico», a partir de comentarios sobre o aspecto físico do ex-ministro grego de finanzas Yanis Varoufakis, «pobre, pero sexy», un dos titulares que circulou repetidamente nos medios internacionais e mesmo as gabanzas presentes na prensa alemá para referirse ao seu físico —«irradia unha masculinidade clásica que un asocia normalmente ás estatuas gregas»—.

Os eloxios continuaron na prensa doutros países conforme Varoufakis se reunía cos diferentes líderes políticos europeos. Ninguén parece ter permanecido inmune ao atractivo estético, visual, físico, social e sexual de Varoufakis ou, en palabras da socióloga británica Catherine Hakim, ao seu «capital erótico».

Non só de Varoufakis se fan eco os medios ultimamente. Doutros políticos, tamén. Refírense ao seu atractivo e a autora cita a Alexis Tsipras, Matteo Renzi, Manuel Valls, Pedro Sánchez, Alberto Garzón, Albert Rivera ou Borja Semper como algúns exemplos.

Olivia Muñoz-Rojas preguntase se se trata dunha casualidade, froito dun relevo xeracional sen máis, ou se a evolución da sociedade fai que se considere iso que C. Hakim chama «capital erótico». Capital erótico? Para desenvolvérmonos en sociedade, facemos uso esencialmente dos nosos capitais económico, social e cultural, comenta a autora que dicía Pierre Bourdieu, do noso poder adquisitivo, da nosa rede de contactos e amizades e do noso coñecemento da cultura e da arte, e que Hakim suxire engadir un cuarto tipo, o *capital erótico*. Isto é unha combinación de características que teñen que ver coa nosa aparencia e desenvoltura cos demais e que fan que resultemos máis ou menos atractivos para outros membros da sociedade. Un capital que podemos exercer en calquera contexto e que, coma os outros tipos de capital, inclúe habelencias que poden aprenderse e cultivarse (porte, estilo), pero tamén características que veñen de nacemento (trazos e constitución física, timbre de voz...). E..., de cheo, métenos na interesante cuestión relacionada coa distribución do capital erótico entre homes e mulleres:

Pois, é equiparable o número de mulleres políticas de relevancia que transcenden actualmente polo seu atractivo físico? Acaso hai máis renuencia á hora de describilas a elas como sexys? (cal sería a reacción aos titulares sobre Varoufakis se fose muller?) Por que o que parece unha vantaxe para eles, non parece selo tanto para elas?



Yanis Varoufakis. Foto: Marc Lozano



Para Hakim, as mulleres en xeral posúen maior capital erótico que os homes e contan coa vantaxe de que os homes son sensibles ao capital erótico feminino. Non tanto elas, chegadas á idade madura e deixando as explicacións sobre as asimetrías resultantes. Si que é de interese preguntarnos por que os homes sempre insistiron en considerar recursos valiosos os capitais económico, social e cultural e non así o capital erótico e por que teimaron e teiman en manter esa separación entre os valores *profundos* asociados á mente (a intelixencia, a cultura...) e os valores *superficiais* asociados á aparencia física (a beleza).

O cristianismo foi, desde logo, responsable de identificar o sexo e a sexualidade con nocións de impureza e baixos instintos, ademais de pecado, e asocialos á enfermidade e ao castigo. Neste sentido, Olivia Muñoz-Rojas di que Hakim argumenta que o feminismo, especialmente o anglosaxón, caeu na trampa do patriarcado e o puritanismo relixioso ao censurar o uso do capital erótico por parte das mulleres e presentalo como o resultado da opresión e da explotación masculinas. Para a socióloga británica, trátase, pola contra, dun elemento subversivo que permite actuar ás mulleres en todas as esferas, alén de limitacións sociais e económicas, e que complementa outros atributos como a intelixencia.

Outras consideracións ás que nos remiten unha e outra: hai menos mulleres exercendo en política; os valores feministas entran na esfera política en maior medida que na financeira e talvez isto explique por que as mulleres que están na política non desexan, en xeral, ser valoradas pola súa aparencia física.

Hakim diría que moitas delas procuran, deliberadamente, non cultivar o seu capital erótico. Claro que se impera a concepción xeneralizada da beleza como algo superficial e insubstancial, desligado de actividades *serias*, como a política e o goberno, téndese, efectivamente, a desacreditar as mulleres políticas que destacan por cultivar *demasiado* a súa aparencia física. Consecuencia do anterior, existe certo consenso sobre o inapropiado ou politicamente incorrecto de comentar o aspecto físico das mulleres con cargos, acusando de sexistas ou machistas ese tipo de apreciacións. De aí, que os medios, en xeral, se coiden moito de non o facer. Naturalmente, cando se publican este tipo de comentarios, as primeiras en protestar son as propias mulleres que os cualifican de sexistas.

Porén, tal e como demostra o caso de Varoufakis, aos medios, e á sociedade por extensión, fascínaos a imaxe dun político que combine intelixencia e capacidade de acción con presenza física e desenvoltura mediática.

Dito dun xeito máis caricaturesco, afeitadas como estamos á imaxe dos superheroes das series e películas de acción, como non imos sucumbir ante un personaxe real que, ademais de ser un político elocuente, parece un actor de Hollywood?

[...]

Para moitas mulleres, sobre todo aquelas que desexamos liberdade e oportunidades plenas para nós e para eles, a proposta de Hakim sobre o valor positivo, e mesmo subversivo, do capital erótico é controvertida. Obríganos a cuestionar os nosos principios e valores feministas *tradicionais*. Convidanos a repensar o papel do noso corpo como suxeito e obxecto erótico e xestor de vida na sociedade presente e futura desde unha visión máis pragmática que idealista. Porén, se non o facemos, quizais é válido preguntarse se non corremos o risco de quedar atrás novamente no aproveitamento do que, de acordo con Hakim, é unha gran vantaxe histórica e estratéxica das mulleres. ■

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego fixo o seu XI encontro anual o 14 e o 15 de marzo na illa de San Simón, na ría de Vigo, reunindo a máis dun cento de labregas.

Celebraban, ademais, os 25 anos de creación desta secretaría recapitulando as loitas e conquistas alcanzadas, a loita pola titularidade compartida nas explotacións agrarias, a demanda dunha seguridade social ao alcance de todas e con pensións dignas, tamén os encontros e intercambios con mulleres de Vía Campesina e da Marcha Mundial das Mulleres.

No encontro, seguindo a tradición, intercambiaron saberes, experiencias, proxectos, sementes...

Un dos obradoiros levouno Tareixa Ledo Regal, traballando as relacións de bo trato e explorando as relacións de poder. O título: «Nin son máis nin son menos: son eu».

Para rematar este encontro, Isabel Vilalba, secretaria xeral do SLG, lembrou o primeiro, que se realizou en Allariz no 2004:

Grazas a estes encontros falamos do que nos atinxe ás labregas e poñemos en común experiencias que mulleres están a desenvolver en distintas comarcas. [...] Polo demais, estes encontros foron e son fundamentais para abordar a nosa propia articulación dentro do Sindicato Labrego Galego, de cara a facer real a paridade de xénero en todos os órganos de dirección que figuran nos nosos estatutos, e a nosa participación activa na vida sindical.

Formou parte deste XI encontro a visita guiada pola illa de San Simón, na que as labregas asistentes tiveron ocasión de coñecer a historia de represión franquista exercida neste lugar e tamén renderon homenaxe ás persoas presas naquel campo de concentración. ■

XI ENCONTRO ANUAL DA SECRETARÍA DAS MULLERES DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Labregas, semente de futuro

14 e 15 de marzo de 2015 / Illa de San Simón, Redondela

SÁBADO 14 DE MARZO

10:30: Apertura.

11:30: Mesa de experiencias de mulleres labregas.

14:00: Xantar

16:00: Visita guiada á illa de San Simón.

17:30: Merenda-café.

18:00: Mesa de Sabias.

20:00: Presentación da Rede de Sementes.

21:40: Intercambio de Sementes

22:00: Cea compartida.

22:45: Queimada e festa coas compañeiras da Marcha Mundial das Mulleres.

DOMINGO 15 DE MARZO


08:30 - 09:30: Almorzo


10:00: Obradoiro con Tareixa Ledo: "Nin son máis, nin son menos: son eu" (das relacións de poder, ás relacións do bo trato)

14:00: Xantar

Despedida e saída da illa de San Simón.

Inscríbete ou infórmate no local do SLG da túa comarca





Mónica Sjoö (1938-2005), pintora sueca establecida en Bristol foi unha das principais organizadoras da Primeira Exposición do Movemento de Liberación da Muller en Londres en 1971.


Moi coñecida pola súa obra *God giving Birth* de 1969, na que retrata a Deus como muller dando a luz, o que fixo que a tacharan de blasfema e mesmo que tivese problemas coa censura en máis dunha ocasión.

Todo e tanto por cuestionar a imaxe de Deus Pai creada e mantida por homes.

Por que Deus Pai e non Deusa Nai, como cría Sjoö?

Acaso os creadores desta icona viron ese Deus e coñecen a súa imaxe? ■

denuncias e comentarios



En 2014 Raquel (Lucas) Platero publicou este interesante libro:

*Trans*exualidades: Acompañamiento, factores de salud y recursos educativos*, Barcelona, Bellaterra, 2014.

Advírtenos que usa o termo trans*, con asterisco, para recoller a idea da diversidade de vivencias das persoas que saen das normas que se ditan como propias de mulleres e de homes e a rixidez

do sistema binario no que nos insiren e vivimos.

Interroga e responde esas preguntas que tanta xente se fai: que é a transexualidade?, é unha enfermidade?, os menores que non conforman as normas de xénero, serán adultos transexuais?, todas as persoas trans teñen unha traxectoria vital semellante?, como se pode combater a transfobia?

No libro propóñense estratexias concretas, como unha serie de factores de saúde que inciden na calidade de vida, así como a prevención e intervención comunitaria sobre a transfobia, e unha investigación cualitativa que amosa testemuñas de persoas trans* de todas as idades, incluíndo menores, as súas familias e profesionais que os acompañan. A segunda parte do libro ofrece ferramentas prácticas, como actividades grupais, para entender as necesidades das persoas trans* e as historias dalgunhas persoas que no pasado desafiaron o sexo asignado no nacemento. Péchase o libro con algúns recursos recomendados (películas, curtas, libros...) e un glosario de termos. ■

«[...] É máis, o feminismo redefiniu os termos esenciais da arte de finais do século xx

pondo de relevo presuncións culturais sobre o xénero e politizando o vínculo entre o público e o privado, explorando a natureza da diferenza sexual e realzando a especificidade dos corpos determinada polo xénero, a raza, a idade, a clase social», escribía Helena RUCKITT no prólogo do libro do que é coautora con Peggy PHELAN: *Arte e feminismo*, publicado no 2005 en Barcelona por Phaidon. ■



Camila Moreno (Santiago, 1985), cantautora chilena

En 2010, ao presentarse no Festival del Huaso de Olmué xunto a Manuel García e Nano Stern, antes de interpretar «Millones», dixo: «Imos dedicar a seguinte canción a todas aquelas persoas que cren que poden mercalo todo co diñeiro..., mesmo un país», facendo alusión ao presidente que acababa de ser electo, Sebastián Piñera. Isto provocou a censura do seu espectáculo na canle onde se transmitía o evento. Máis tarde sinalou: «fágome cargo do que digo, porén non das reaccións».

Cultiva o folk-rock, o rock e a música independente. Entre as súas recoñecidas influencias musicais atópanse Björk, P. J. Harvey e Radiohead. É multiinstrumentista, utiliza a guitarra, o cuatro, o charango e o piano. A mediados de 2015 presentou o seu álbum *Mala nai*, que indaga no feminino e o son trip hop. ■

Arelas é a Asociación de Familias de menores Trans* que preside Cristina Palacios, nai de Sara, unha rapaciña de 8 anos que desde ben nena manifestou o seu desexo de non ser Hugo, o nome que a asignaba a un sexo ao que ela non sentía pertencer.

Esta asociación traballa con persoas de até 20 anos (crianzas e adultas) que xa se socializaron no sexo ao que senten pertencer, para que teñan lugares de apoio, debate e encontro, para loitar pola despatoloxización trans, para dar as batallas nos centros de ensino, sanitarios e nos tribunais..., e para que as persoas trans* poidan vivir do xeito máis libre posible a vida que escolleron.

Esta asociación antes estaba integrada en Chrysallis, a nivel estatal. Agora é Arelas e móvese con autonomía.

Aí queda o seu contacto: contacto@arelas.org ■



Zélia García



Zélia García



Maria Vieites



Maria Vieites



Zélia García



Maria Vieites



Maria Vieites



Maria Vieites



O 7 de novembro de 2015 tivo lugar en Madrid unha cita histórica, a marcha estatal conxunta contra as violencias machistas. Un total de 450 organizacións feministas e de mulleres convocaban esta marcha, á que se sumaron outras asociacións, sindicatos e todos os partidos políticos, agás o Partido Popular, para reclamar que as violencias machistas sexan tomadas en serio, tal e como expresaba unha das consignas moi coreadas: *Menos discursos e máis recursos*. A idea, que partiu de Valencia, foi tomando forma durante dez meses desde o pasado mes de xaneiro. Milleiros de mulleres e tamén de homes procedentes de todos os territorios, unhas 200.000 persoas segundo a organización, percorreron as rúas da capital desde o ministerio de Sanidade, no Paseo do Prado, ata a Praza de España esixindo a fin dos recortes en recursos

para paliar e previr a violencia machista e a revisión da lei contra a Violencia de Xénero. *Andaina* tamén participou nesta marcha en lila e negro, para facer visible, alto e claro, a lacra social que supón o machismo.

Aínda que non é momento para expresar as discrepancias, senón as cousas que unen, a *Andaina* gústalle volver expresar que non todas as discriminacións, desigualdades e opresión que padecen as mulleres son violencias. Que desde que se aprobou a lei Integral contra a Violencia de Xénero non se investiu *nada* en educación, malia o que a lei indica, que mesmo se detraeron recursos para a promoción da igualdade (tan importante para bater nalgunhas das raíces da violencia). Ademais, ese enigmático considerar a violencia «cuestión de Estado», que non se sabe exactamente que quere significar. ■





Compostela en negro foi unha acción de sensibilización social promovida pola Concellaría de Igualdade do Concello de Compostela, deseñada por Uqui Permui e coordinada por Lucía Canoura, para concienciar á cidadanía sobre o problema das violencias machistas.

A resposta foi practicamente unánime. Máis de 300 establecementos da cidade mantivéronse, durante unha semana —do 19 ao 25 de novembro—, cubertos de cor negra. Participaron comercios de todo tipo, dende a pequena tenda do barrio de San Pedro ata os grandes centros comerciais.

Dende o principio pensamos que a importancia desta campaña residía na implicación, na concienciación social que se desenvolvía ao cubrir os escaparates con diferentes lemas, como *espazo libre de violencia machista* ou os maniqués masculinos portando cartelas con *non son o teu dono*. Conseguíuse algo máis que cubrir esas expectativas, chegar a un público moi diverso, incluso aos adolescentes, xa que a campaña se infiltrou nos lugares onde máis miran e onde é moi difícil chegar. ▼

Película pioneira da historia do cinema na temática da **violencia de xénero**



ANNA AMORÓS PONS*

O 25 de novembro é o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (Asemblea Xeral da ONU, Resolución 50/134, de 17/XII/1999), polo que é un bo motivo para lembrar o que consideramos como o primeiro filme sobre esta temática na historia do cinema, *Buy Your Own Cherries* (1904).

Fai agora cento once anos, o óptico londiniense Robert William Paul estreaba esta peza fílmica producida na famosa escola inglesa de Brighton, co que se pode afirmar que o tratamento da violencia de xénero no relato cinematográfico data das mesmas orixes da imaxe animada.

O espectáculo de *fotografía animada* (*moving pictures*) polo cinematógrafo chegou á Inglaterra vitoriana tamén da man dos fotógrafos (Alfred Collins, Georges Albert Smith, James Williamson), onde Robert W. Paul fundou en 1897, dous anos despois do nacemento

do cine, a empresa Paul's Animatograph Ltd. e con ela nacía o cinema británico. A partir de entón, deu comezo unha produción de filmes de *escenas naturais* (ao estilo Lumière) co *teatro-filmado* (de Georges Méliès); pero, deseguido víronse tentados polas posibilidades que lles ofertaba o invento e achegaron novos recursos técnico-narrativos fundamentais para a creación dunha gramática cinematográfica —a trucaxe ilusionista ou chamado *paso de manivela*, a sobreimpresión, alternancia de escenas e puntos de vista, o primeiro plano con efecto óptico, etc.—.

Pois ben, a película *Buy Your Own Cherries* corresponde á etapa de madurez da escola inglesa, no período de



* Profesora Titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Universidade de Vigo.



O filme reflicte o ambiente hostil, cotián, nunha familia, na que a temática dos malos tratos, da agresión física e o alcoholismo tinguen de dramatismo unhas relacións familiares baseadas na violencia explícita

transición cara á posta en escena do realismo cinematográfico norteamericano de David W. Griffith, converténdose nunha peza verdadeiramente singular. O filme reflicte o ambiente hostil, cotián, nunha familia, na que a temática dos malos tratos (infantís), da agresión física (á muller) e o alcoholismo (do pai) tinguen de dramatismo unhas relacións familiares baseadas na violencia explícita, atmosfera que se reforza coa retórica teatral dos actores.

Esta película, de pouco máis de catro minutos, está dividida en cadros ou escenarios, onde a alternancia dos mesmos —a través dunha montaxe narrativa rudimentaria por concatenación— subliña visualmente o drama do relato e estimula ao espectador a interesarse pola historia. Dende a análise da técnica cinematográfica e mantendo aínda unha posta en escena primitiva —toma frontal de encadre xeral, sen mudar o

punto de vista da cámara na escena—, a orixinalidade radica na montaxe intencional —cada cadro reflicte de xeito consecutivo e a modo narrativo as distintas fases do proceso dun maltrato de xénero no fogar—, o que supoñía naquel entón un intento de afastar o cine do camiño do teatro filmado —a rodaxe non só en interiores, emprego doutros elementos coma a iluminación cunha mestura de luz natural no exterior e iluminación realista plana no interior—. Aportacións, todas elas, que preludian o nacemento dunha auténtica narrativa cinematográfica para o que se considera a *sétima arte* (Ricciotto Canudo, 1914).

Desde estas páxinas animo ás lectoras a que vexan o filme. ■

Ficha técnica

Título orixinal: Buy Your Own Cherries

Ano: 1904

Duración: 4'26"

Xénero: drama

Cor: B/N

Son: non sonora

País: Inglaterra, Escola de Brighton

Director: Robert W. Paul

Produtora: Paul's Animatograph Ltd.

Fonte: Arquivo The British Film Institute

Estado: conservación íntegra

Visionado do filme:

(EDESGA-Estudios, 10/08/2011)

www.youtube.com/

[watch?v=SJH_WmHk514](https://www.youtube.com/watch?v=SJH_WmHk514)

[...] Se pode afirmar que o tratamento da violencia de xénero no relato cinematográfico data das mesmas orixes da imaxe animada

Obreiras do teléfono, chamando desde a precariedade

SYLVIA MOREIRAS

Hai dous anos comezaba un artigo que vía a luz no *Novas da Galiza* en decembro de 2013. Analizaba o sector no que pensaba que traballaría por un tempo limitado e determinado. Vai para catro anos que vivo entre auriculares e ansiedade. Este é o meu relato e o de moitas outras: obreiras que non emporcan as mans, pero que tinxen da amarga insatisfacción as insoportábeis xornadas laborais.


A crise estourou e no mundo do traballo precario souberon ben como aproveitarse da nosa depresión. Unha mostra salientábel é o telemárketing e todos os mecanismos de explotación e recrutamento dunha clase baixa e media socializada con expectativas ben distintas ás actuais. O *call center* como

sinónimo da nosa sociedade, hiperconectadas e illadas ao mesmo tempo, desterritorializadas da nosa lingua e do noso país. Repetir un argumentario para vender e cumprir obxectivos. Aturar esa sensación de felicidade e derrota cada xornada de traballo até que non podes máis e colles unha baixa, até que te queimas.

Se se procura traballo en Vigo todos os días hai ofertas para venda telefónica, teleoperadora, banca telefónica... Ofrecese «estabilidade laboral suxeita á rendibilidade, salario fixo e comisións, e a oportunidade de formar parte dunha grande empresa multinacional». Queren persoas con fluidez verbal, capacidade de persuasión, extravertidas e que sexan flexíbeis en horarios.

Este é o conto da precariedade que se instalou na vida de milleiras de traballadoras invisíbeis na cidade olívica, como as máis de 1800 que traballan nos *call centers* da multinacional alemá Bosch, ao redor de 500 na multinacional española *Unisono*, e un número máis reducido de persoal en empresas como *Xilon Solutions* (ao redor de 40 e en función da época) ou *Bluecom* (sobre 50). Traballo fráxil, con campañas de duración variábel, que se executan para empresas, institucións ou clientes do máis diverso. No Estado español na actualidade, estes centros dan traballo a máis de 68.000 persoas, sendo este un sector moi feminizado.

Todo comeza na maior parte das ofertas nunha ETT, asinando un escrito



de confidencialidade e responsabilidade polo que vas abordar na formación, á que asistes durante dúas semanas non retribuídas, no caso de Bosch, e no que se realiza un proceso de selección dentro da aprendizaxe.

«Hai que mentir, acosar á xente para vender, fixan obxectivos irrealis»

Ao mesmo tempo que vas asinar todos os días contratos telefónicos en nome dunha empresa, estás obrigada a non difundir para quen traballas nin o que fas. Es unha mediadora clandestina, no nome doutra empresa subcontratada. A compañía que contrata estes servizos manda de cando en vez aos seus supervisores, que despiden xente e realizan mudanzas ao seu antollo.

Desde o primeiro momento ensínanche a competir con outras mesmo para

ser escollida, con dinámicas grupais nas que gaña quen (se) venda mellor. «A formación non te prepara», sinala María, traballadora desde hai dous anos en televenda, porque «o que aprendes é escoitando ás compañeiras e co paso do tempo». Unha maioría de mulleres, polo perfil asociado ao rol de xénero (comunicativas, amábeis, persuasivas) e pola precariedade máis acusada entre o noso sexo, conforman un cadro de persoal variado e moi heteroxéneo.

Valores como a disciplina, subordinación, atención e enerxía son directrices claras, e quen transmite estas normas son as coordinadoras/es, que se encargan de presionar para incrementar os resultados. Escollen ás máis fieis da empresa para estes postos de responsabilidade, e xogan un papel fundamental os favoritismos e as avaliacións subxectivas das que mandan. Todas as semanas publícanse nos taboleiros *rankings* e listaxes, e mesmo dinámicas con premios e castigos para quen realiza mellor ou peor o seu traballo. Desde

orellas de burro para a que menos vende ou viaxes pagas a unha capital europea para a que máis venda ao longo de tres meses.

«Hai que mentir, acosar á xente para vender, fixan obxectivos irrealis. Estamos facendo ilegalidades en todos os procesos, cuantificacións e gravacións falsas en cada chamada. Ás veces síntome cunha pistola na cabeza. Tes que vivilo para ter estas sensacións, e chéganche cinco minutos para querer marchar. Debemos ter o récord de baixas, pola síndrome da teleoperadora. Eu noteime ao borde da loucura, despersonalizada, porque queren que sexas puro mecanismo, como se estiveses na cadea de montaxe. Non che importa xa o que lle pasa ao cliente que tes ao teléfono, só rematar a conversa», relata Marta, filóloga e teleoperadora desde hai tres anos.

«Agobio é a palabra que define este curre, é difícil de levar. O máis negativo é a monotonía, a presión, e o simple feito de ter que chamar á xente coa que



non queres falar. Tamén a competitividade, o control dos tempos e de todo canto fas. Non te decazas do canso que é até que chegas a casa e non queres falar con ninguén. Cando vendes catro pídenche que vendas cinco, e así todos os días afogan a unha máis. Cada día estás máis farta, andas procurando outra cousa, e somos moitas as que o vivimos así. E desde a empresa xogan con iso, co medo e os límites do aceptabel», confesa Alicia, socióloga e teleoperadora desde hai seis meses.

E todo este rosario de sensacións e probas hercúleas por un salario de 860 euros por oito horas, aínda por riba. Traballas oito horas con 20 minutos para comer, e emites ou recibes chamadas sen parar, monitorizando cada un dos teus movementos. Repites as mesmas frases todo o tempo, e sempre te lembran a importancia de manter o «sorriso telefónico»,

mentres mastigas a rabia no teu pequeno cubículo.

A organización por proxectos crea fronteiras entre as traballadoras do mesmo *call center*, e así, nun predio de varios andares, nunha mesma semana, pode haber dous desfalecementos por ataques de ansiedade e un suicidio despois de volver por unha baixa de depresión, como aconteceu no centro Vigo2 no mes de outubro de 2013, na avenida de Madrid, en Bosch, e «falamos moito do que pasara, pero ao mesmo tempo é como se non tivera importancia, porque non son do meu proxecto», expón Beatriz, que continúa de baixa actualmente polo estrés.

A premisa de afirmar a identidade da traballadora, sindical e clásica, desfáise nun *call center* cando a maioría da xente quere que sexa «algo temporal» e rexeita o que fai diante da pantalla do computador, falando a través dos

«Ás veces síntome cunha pistola na cabeza»

Mesmo así, neste traballo hai auténticas heroínas en cada illa que arrincan sorrisos, que axudan as compañeiras

seus cascos, no seu diminuto cubículo, «falando con moita xente, pero sen dicirlle nada a ninguén».

«Ensínanche a conformarte co que tes, porque hoxe semella que ter un traballo é un grande logro e entón parece que xá está deshabilitada a protesta desde aí», relata María, traballadora de ETT, quen remata lamentando que «nos meus anteriores traballos coñecía os meus dereitos, e neste non sei nin quen son as delegadas sindicais».

Mesmo así, neste traballo hai auténticas heroínas en cada illa que arrincan sorrisos, que axudan as compañeiras, coas que consegues fuxir entre chamada e chamada do cinzento ton neutro hábil para a venta, e coa que se poden tecer alianzas para vencer o mal e o illamento ao que nos pretenden someter. E máis tarde que cedo, comezara unha revolta de telefonistas saturadas que non poderán conter. ■

Conciliando maternidade

ESTRELA VILAVERDE CREO

Quixera comezar deixando claro que non penso que a maternidade teña que ser unha vivencia obrigatoria nin desexable para todas as mulleres nin que sexamos mulleres incompletas se non chegamos a ser nais nin parvadas polo estilo. E, por suposto, defendo o dereito ao aborto, xa que a maternidade debe ser sempre querida e desexada, e no momento que nós decidamos. Agora son unha nai moi feliz, pero, se quedase preñada aos 18 anos, evidentemente, abortaría, ou tendo 40 anos e con dous fillos, probablemente tamén...

A miña experiencia como nai teño que recoñecer que foi incluso mellor do que pensaba. Atrévome a considerala como unha das mellores experiencias da miña vida, canto menos, de momento, xa veremos cando chegemos ao momento adolescencia.

É certo que está sendo unha grata experiencia, grazas, principalmente, á conciencia feminista, xa que, en primeiro lugar foi vivida dunha maneira cons-

ciente e desexada, coñecendo pros e contras, claros e escuros. Porque, evidentemente, non é un camiño de rosas, nin unha situación totalmente idílica e apaixonante como moitas veces se nos quere facer crer, especialmente ás mulleres. Ten momentos moi duros, tanto física, como psicolxicamente, se ben, os momentos bos, tamén son increíblemente bos, e dificilmente comparables coas sensacións que producen outras experiencias vitais.

Tamén é moi importante que os coitados e educación das crianzas sexan realmente compartidos, no meu caso mesmo compartín a propia baixa de maternidade e, por suposto, mudas de cueiros, espertares nocturnos, baños, paseos, mudas, comidas. Agás teta, claro..., pero tampouco tiven reparos en que nalgún momento, no que me atopaba cansa, alimentasen ao bebé o seu papá ou os avós.

Defendo a lactación materna, por múltiples motivos. Principalmente, por-

que está máis que demostrado que é o máis beneficioso para a saúde da crianza e da nai, pero tamén por motivos afectivos e económicos. Se ben, a súa instauración é bastante dura, polo que, se hai mulleres que deciden non practicala, compréndoa e creo que non deben ser *criminalizadas* por iso. Non penso que deba ser un dogma de fe, considero que debemos ser respectadas nesa e en calquera outra decisión que adoptemos respecto á nosa maternidade. Despois de ser nai, o que teño claro é que precisamos unha boa formación para afrontar á maternidade e tamén apoio de todo o persoal sanitario polo que pasamos durante ese período e por suposto das nosas familias e da sociedade en xeral, tomemos unhas decisións ou outras, sen que nos impongan os seus criterios, por moi bos que sexan.

Sobre os beneficios da lactación materna recomendo encarecidamente a lectura do libro do pediatra Carlos González, *Un regalo para toda la vida, guía de*



Defendo firmemente que as mulleres poidamos ser nais sen que iso implique renunciar aos nosos traballos ou ascensos profesionais

e feminismo

la lactancia materna (2006). E en xeral, sobre crianza, alimentación, educación, coidados, recomendo todos e cada un dos seus libros: *Mi niño no me come* (1999); *Bésame mucho, cómo criar a tus hijos con amor* (2003); *Manual práctico de lactancia materna* (2004); *Comer, amar, mamar* (2009); *Entre tu pediatra y tú* (2010); *En defensa de las vacunas* (2011); *Creciendo juntos* (2013), xa que resultan de moita axuda para vivir unha maternidade e crianza pracentiras e sas. Tamén son moi recomendables calquera dos libros de Rosa Jové, psicóloga especializada en psicoloxía infantil: *Dormir sin lágrimas* (2006); *La crianza feliz* (2011); *Ni rabietas ni conflictos* (2011); *Estado de shock* (2012) e *Todo es posible* (2013).

Por outra banda, defendo firmemente que as mulleres poidamos ser nais sen que iso implique renunciar aos nosos traballos ou ascensos profesionais. Póñoome mala cando escoito as críticas ás mulleres que sendo nais, non reducen xornada ou non renuncian ás

súas carreiras profesionais, tomando solucións á hora de atender os seus fillos, como se fosen *malas nais*. Nunca se fixo ningún comentario dese tipo respecto dos papás das criaturas, sendo *o normal* que estes deixasen e deixen eses traballos totalmente relegados nas mulleres. Isto aínda é unha gran batalla que temos que dar.

Tamén é certo que a situación actual pode levarnos a *prescindir* do noso dereito a ser nais, ante a imposibilidade de conciliar a nosa vida laboral e non laboral coa vida familiar. É moi difícil na sociedade actual lograr ese equilibrio, pero cara aí penso que debemos camiñar. Debemos esixir que se tomen as medidas necesarias para que esa conciliación sexa posible, tanto para nós como para as nosas parellas. Entre elas: unha maior baixa de maternidade, abarcando como mínimo os seis meses de lactación exclusiva que recomenda a OMS, unha baixa obrigatoria para a mamá e para a parella de mamá —tan-

to home como muller, e así a baixa de maternidade deixaría de ser unha pega á hora de contratar a mulleres, xa que sería obrigatoria para ambos sexos— e, no caso de non ter parella, alguén da familia, ou amiga ou amigo. Unha maior rede de garderías públicas, que hoxe en día para nada cobren a demanda, espazos nos centros de traballo para poder aleitar, excedencias remuneradas por coidado de fillos, etc.

Faime *graza* como os políticos se preocupan do aborto, pero nada de protexer e axudar a que a maternidade sexa posible na sociedade actual, sen que teñamos que facer renuncias nas nosas vidas profesionais ou sen que nos custe incluso o propio traballo.

Reivindico, así mesmo, a conciliación da maternidade co feminismo, iso si, non como mística nin como algo irrenunciable para as mulleres, senón como unha opción, querida e consciente, e respectada e axudada pola sociedade na que vivimos. ■

Ser muller e
non querer ser nai.

Vade retro, Satán!

VERÓNICA RODRÍGUEZ ALBA

A conversa acostuma arrincar así:

- Que? E vós, tendes fillos?
- Non.
- Pois hai que animarse. Eh!
- Xa, je, je —risa nerviosa—.

E nese punto da conversa acostumo facer un varrido rápido, a modo de *Robocop*, para avaliar a seguinte frase que vou dicir. Hai varias alternativas:

1. Se me pilla de bo humor, cargada de paciencia e a persoa que teño diante é aberta de mente, dígolle:
—Xa, verás... Non quero ter fillos.
2. Se é unha persoa moi maior ou vexo que razoar vai ser imposible, tirando a algo violento, resolvo con:
—Xa, je, je, ben, como agora non traballo / traballo con contrato temporal / traballo fóra... Pois... Non é o momento.
3. Se me pilla de mala hostia ou de moi mala hostia, ou simplemente teño o día sincero, hai varias opcións:
—Por que hai que animarse? Non quero ser nai.

En calquera caso, o diálogo, nun 99 % das ocasións, continúa cun incómodo interrogatorio acerca dos motivos que me levan a non querer ser nai, onde se acostuma insinuar que é falta de madurez, que é algún tipo de trauma da infancia non superado, que son unha persoa egoísta, algo inconsciente porque, claro, non vou ser fértil toda a vida ou que teño algún tipo de bloqueo no *chakra* do embigo.

ok Google... e agora que alguén, por deus bendito!, que alguén, me diga... por que cona ninguén lle fai semellante interrogatorio á xente que quere ter fillos? A fin de contas, eu non vou foderlle a vida a ninguén, excepto a miña

propia, se é o caso. Veña, veña... Que todas sabemos de casos nos que oxalá esas persoas non fosen nais e pais.

Ben. Agora fago un alto para aplaudir a todas esas persoas que, consciente e libremente, se embarcan na marabillosa aventura de ser mamás e papás. Que elixiron o seu proxecto vital, e ese proxecto inclúe criar pequenas e pequenos, amalos e educalos. Esas parellas cheas de alegría que florecen ante a maternidade e a crianza, que sacan adiante nenas e nenos sans, alegres e futuras cidadás e cidadáns do mundo. Bravo por elas e eles porque elixiron o seu camiño e estano percorrendo con amor e cabeza!





psicológico —que mo fixen mirar—, non é un trauma, non é egoísmo nin síndrome de Peter Pan. É cabeza, é elixir a vida, concretamente a miña propia vida e decidir sobre ela.

Por que ninguén me pregunta por que non me vou vivir a México? Son tan perfectamente capaz como de ter fillos. Por que ninguén me pregunta por que non me saco a tese de doutoramento? Até onde eu sei tamén podería. Ou, por que non me dedico ao mundo do espectáculo?

Dous amigos a quen teño por homes intelixentes —moi intelixentes—, de mente aberta e grandes persoas déronme a chave para entender por que ninguén me preguntaba esas cousas e sen embargo non me deixaban en paz co tema da maternidade.

Un deles, non tivo fillos e xa pasa desa idade —social, non biolóxica— na que podería telos. Tentoume convencer de que é o que a xente acostuma facer. Para convencerme, díxome que unha amiga en común, que acababa de ter unha nena, estaba moi feliz, guapísima e radiante. Mentalmente pensei que ter sexo satisfactorio con asiduidade tamén ten eses efectos, pero calei. Finalmente, díxome o que moitas persoas: «vaste arrepentir». Así que lle dixen: «arrepínteste ti de non telos tido?». A pregunta deixouno fóra de xogo, porque... Claro! El era un home! E suponse que en min é diferente, eu realizome como muller sendo nai. Non?

O outro foi moito máis agresivo. Insinuoume que, dado que non tiña traballo e parecía que estaba fodido que o tivese, poderíame lanzar de cheo a ser nai. Caralludo! Por facer un símil direi que foi como un cabezazo nos dentes e dúas patadas na boca do estómago. Eu interpreteino libremente como se me estivese dicindo que fixese algo de proveito. Algo que calquera parada precisa escoitar porque nin se lle pasou pola cabeza.

Este era o núcleo. Ser muller é, no fondo, ser nai na ideoloxía predominante. Segue sendo visto como a culminación do noso ser, como ese máxico

momento no que finalmente despregamos todos os nosos potenciais: amor infinito, paciencia, coidado, mimos, etc. Entendidos como atributos esenciais do feminino.

Unha parte *sine qua non* para chegarmos a ser verdadeiramente mulleres.

De non ser así, debería ser aplicable —ese imperativo da reprodución— aos homes. Pero..., saquemos á nosa machista interior..., a que non o vemos igual?

Imaxínome que, ademais, as persoas precisamos validar ou xustificar as nosas decisións. É dicir, a maioría, teñen fillos e moitos quizais non souberon, até que era tarde, que era algo optativo. Así que sei que esa insistencia tamén pode responder a tentar xustificar os actos que non fixemos.

Para concluír, direi que esas belas capacidades de amor e de coidados non creo que sexan exclusivamente femininas e que, ademais, pódense (e deberían) dirixirse (en primeiro lugar) cara a unha mesma. Podémolas compartir con fillos ou co mundo enteiro. Vénzeme á cabeza o caso de dúas amigas que se volveron meter en política co ánimo de cambiar o mundo na medida das súas posibilidades. Están radiantemente, belísimas e cunha enerxía preciosa. Penso nesas mulleres que buscan o camiño para saír de situacións fodidas, que toman as rendas e se converten por primeira vez en nais de si mesmas. Nesas mulleres entregadas á súa profesión, que crecen e regálanlle ao mundo a súa cabeza e as súas mans.

O mundo é amplo, o ser humano asombroso e as formas da maternidade case infinitas.

Son muller, son fértil e decido sobre a miña vida.

PS: Realmente a conversa acostuma rematar dicindo: «xa verás, para o mes que vén quedas preñada» ou «en dous anos cambias de opinión». Ao que responde o mestre Yoda: «o futuro en movemento está, mozo Jedi». En calquera caso, nós parimos, nós decidimos. ■

Olo, que non é un proxecto excluínte e ben o sei. Pero é un modo de estar no mundo.

Entendo a maternidade como un modo de vida, compatible e incompatible con outros proxectos ou non. De igual modo, paréceme que un modo de vida é estar metido en política, vivir na cidade ou no campo, cambiar de país, dedicarse á investigación ou á gandaría. Ser nai e pai é un camiño máis, non o único.

Como plan de vida que é, digo *non*, non o quero. De igual modo non quero vivir na cidade, non quero irme a Lapponia, como non quero moitas cousas para a miña vida. E non é un problema

A igualdade entre mulleres e homes: O vaso medio baleiro?*

A medicina experimentou un grao acelerado de feminización en moi poucos anos

PALOMA URÍA

Novas formacións políticas. Deteriorada situación social. Incerto futuro. Esperanzas e temores. Anovadas esixencias sociais... De vez en cando convén facer un balance da situación das mulleres nesta un tanto engurrada pel de touro. Este balance vai ser parcial e aproximado, máis ideolóxico que estatístico, e quérese centrar na evolución da igualdade entre homes e mulleres e no que se deu en chamar *teito de cristal*.

Os datos demostran que se manteñen as desigualdades salariais entre homes e mulleres. A discriminación

está prohibida tanto por mandato constitucional como polas leis positivas, pero a realidade camiña pola súa conta e as empresas, especialmente as privadas, pero tamén as públicas, manteñen esta discriminación valéndose de medios indirectos, como as catalogacións dos postos de traballo, a selección de persoal para postos de responsabilidade ou o abuso das xornadas a tempo parcial para as mulleres.

* Artigo publicado en *Página Abierta*, núm. 239, xullo-agosto de 2015.

Mentres siga recaendo sobre as mulleres o maior peso do traballo doméstico e dos coidados (nenos, anciáns, familiares enfermos...), non será posible que as mulleres dediquen o mesmo tempo e esforzo cós homes á promoción no traballo asalariado e profesional e neste terreo é pouco o que avanzamos. Ademais, a dura e longa crise económica e as medidas adoptadas pola UE e, no noso caso, polo Goberno Rajoy supoñen un forte ataque contra o benestar das persoas, especialmente contra as que forman o elo máis débil da estrutura social. Neste marco, é de rigor reflexionar sobre o impacto específico que o desemprego e os recortes no gasto social están supoñendo para as mulleres.

Por outro lado, perviven a violencia contra as mulleres por parte das súas parellas e as expresións máis agudas de violencia sexual. É certo que se avanzou na percepción social e no rexeitamento do maltrato, pero precísanse maiores avances na prevención, nos medios para abordar o problema e para reparar os danos.²

Hai outros aspectos nos que se manifesta o ataque á liberdade das mulleres, especialmente á liberdade sexual, como a constante ameaza de retroceso no dereito á interrupción voluntaria do embarazo, a situación de alegalidade e de precariedade na que desenvolven as traballadoras do sexo a súa actividade —o que, ademais, dificulta a loita contra a trata de persoas—, a homofobia, a marxinação das persoas transexuais, coa patoloxización da transexualidade e a rixidez do sistema de xéneros.³

Estas son algunhas mostras que indican o aínda longo camiño que queda por percorrer para a igualdade e o respecto á liberdade das mulleres. Pero isto no debe impedirnos apreciar os avances logrados en moitos terreos, porque ver sempre o vaso medio baleiro —ou case sen auga— leva ao vitimis-

mo, que, con frecuencia, desemboca na impotencia. Por iso, o obxectivo deste artigo é deterse nalgúns destes avances que están contribuíndo á visibilidade das mulleres e ao seu papel cada vez máis activo no conxunto social, así como nos obstáculos que dificultan os devanditos avances.

Dúas conversas oídas ao azar en boca de cadanseu varón son indicativas de certo desconcerto que están experimentando as persoas máis tradicionais: «A semana pasada tiven que sufrir unha operación de cirurxía menor e todos os



cirurxiáns eran mulleres; non creas, que me deu un pouco de vergoña». «Claro que perdín o preito. Se todas eran mulleres: a xuíza, a fiscal, a miña avogada...! Como non ía perder!».

É innegable que a presenza das mulleres no mundo público e no tecido social presenta un desenvolvemento impensable hai corenta anos. A ensinanza infantil, primaria e secundaria é paritaria; no bacharelato hai máis rapazas que rapaces, aínda que non na formación profesional; o abandono escolar temperán é maior nos rapaces e o 54,81 % das persoas que aprobaron a selectividade no curso 2012-2013 eran rapazas. Nas ensanzas universitarias, o 54,30 % do estudantado eran mulleres e o 57,60 % do total que obtiña a titulación. Da distribución por ramas de

estudo tírase unha maior proporción de varóns en arquitectura e enxeñería (73,90 %), proporción que se inverte en ciencias da saúde (70 % de mulleres); nas carreiras de ciencias sociais e xurídicas, a porcentaxe de mulleres é do 62 %.

A medicina experimentou un grao acelerado de feminización en moi poucos anos. Segundo datos do 2014, o 48,40 % dos médicos colexiados son mulleres e a proporción avanza de ano en ano, sendo especialmente notoria na atención primaria. Noutras profesións clínicas observamos a seguinte proporción de mulleres: o 93,65 % de logopedas, 84,30 % de enfermeiras, 81,10 % de psicólogas, 67,10 % de fisioterapeutas e 53,60 % de dentistas.

Polo que se refire aos profesionais do dereito, as mulleres representan xa o 62 % dos membros da carreira xudicial menores de 51 anos. Os datos indican que a presenza feminina na carreira xudicial segue incrementándose e supón xa o 52 % do total dos xuíces e maxistrados en activo. As mulleres son maioría nos xulgados do penal, do social, de vixilancia penitenciaria, de menores, de primeira instancia, de instrución e de violencia sobre a muller.

Os homes, pola súa parte, son maioría nos xulgados do mercantil e do contencioso-administrativo. As mulleres tamén son minoría tanto nos órganos colexiados —é dicir, nas audiencias provinciais e os tribunais superiores de xustiza— como nos órganos centrais:

² Cuestión á que *Página Abierta* dedicou moita atención. Véxase, por exemplo, no último artigo de Marian Caro no número 236 de xaneiro-febreiro deste ano.

³ Temas tamén moi tratados nas páxinas de *Página Abierta*. Por exemplo, en varios números de 2103, 2014 e 2015 (entrevista a Cristina Garaizabal no 20 aniversario do colectivo Hetaira).

O peso das mulleres na avogacía é máis alto canto menor é a antigüidade na profesión



Manuela Carmena. Foto: *ahora madrid*

Audiencia Nacional (36,20 %) e Tribunal Supremo (13,60 %).⁴ A 31 de decembro de 2010, había en España 125.208 avogados en exercicio, o 40,20 % deles, mulleres. O peso das mulleres na avogacía é máis alto canto menor é a antigüidade na profesión. De feito, entre os letrados que levan exercendo menos de cinco anos, as mulleres son maioritarias e supoñen un 52,20 % fronte ao 47,80 % de homes.

No campo da docencia, as mulleres representaban no curso 2011-2012 o 69,65 % da ensinanza do réxime xeral



Ada Colau. Foto: *Andrea Ciambra*

As mulleres deberán demostrar unha capacidade excepcional que normalmente non se lles esixe aos homes

(infantil, primaria, secundaria, bacharelato e FP). Na universidade o avance é máis lento: o 38,64 % do persoal docente e investigador son mulleres (39,68 % dos titulares e tan só o 20,29 % dos catedráticos).

No ámbito da representación pública, as mulleres constitúen o 36 % do actual Congreso dos Deputados, o 43 % da porcentaxe media nos parlamentos autonómicos (antes das eleccións de maio) e o 41 % da representación española no Parlamento Europeo. Non se trata aínda dunha representación paritaria e experimentou un certo estancamento. Sinálase tamén que as mulleres permanecen menos tempo nos seus postos de representación política, e a

súa influencia é menor na toma de decisións, tanto no lexislativo como no executivo; non obstante, a súa visibilidade é bastante notable (non sempre para ben, poderíamos engadir): o peso político de Esperanza Aguirre, Dolores de Cospedal, Rita Barberá e Susana Díaz é innegable. Por outra parte, os resultados das recentes eleccións lanzou á luz pública dúas figuras extraordinarias, Manuela Carmena e Ada Colau.

Ata aquí os datos. Vexamos algunhas reflexións. Nos debates do feminismo, se ben se recoñece a crecente presenza das mulleres que acabamos de expoñer, adoitan destacarse as súas limitacións, reflectidas, sobre todo, na escasa representación feminina nos niveis máis altos ou recoñecidos da pirámide social.

Sinálase a escandalosa case ausencia de mulleres nas diferentes reais academias, a exigua presenza de mulleres nas xefaturas clínicas ou nos órganos colexiados da xudicatura, que só haxa seis reitoras de universidade, a menor representación nos órganos directivos da ensinanza secundaria en proporción ao seu número, as poucas mulleres que reciben premios importantes no ámbito da cultura ou da ciencia, a maior dificultade con que se atopan á hora de publicar nas revistas científicas máis prestixiosas, de aparecer nas páxinas literarias das publicacións periódicas ou de publicar as súas obras ou de exhibir as súas producións artísticas. Sinálase tamén o pouco peso que teñen as mulleres no poder económico e político, que, malia algunhas singularidades, segue sendo amplamente masculino e bastante impenetrable.

⁴ Informe sobre a estrutura da carreira xudicial a 1 de xaneiro de 2015, da Sección de Estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial.


Cando, nestes debates, se trata de elucidar as causas desta situación, adóitanse avanzar tres tipos de argumentacións, todas elas baseadas en lúcidos razoamentos:

► A primeira consiste en desvelar a pervivencia dunha cultura, dunha mentalidade, dunha maneira de pensar impregnada aínda de machismo, de desconfianza ou prevención ante a capacidade das mulleres e, probablemente tamén, de complicidade masculina, máis ou menos consciente. Desta maneira, preferírase elixir varóns antes que mulleres para postos de responsabilidade ou de renome, dando por feito que o van facer mellor, que se van dedicar a iso máis que as mulleres. Dito doutra maneira, as mulleres deberán demostrar unha capacidade excepcional que normalmente non se lles esixe aos homes. Así mesmo, á hora de premiar a excelencia, considerarase antes a dun varón, porque parecerá máis xenuína.

► A segunda liña de argumentación baséase en causas máis obxectivables: as mulleres van consagrar menos tempo ao seu traballo porque o seu asumido papel na familia vailles impedir unha maior dedicación. Isto é en parte unha realidade, pero a pesar diso demostrouse que as mulleres, incluso as que teñen familia que atender, cumpren co seu traballo ou profesión en igual medida que os homes e só utilizan as excedencias que lles permite a lei por razón de maternidade. Agora ben, non se pode negar que a falta dun reparto equilibrado das tarefas de coidado na familia fai que as mulleres non poidan dedicar tanto tempo á promoción profesional ou, se o fan, debe ser a custo de enormes esforzos que en xustiza non deberían facer, cun reparto máis equilibrado do traballo na vida familiar e maiores facilidades dos servizos sociais dedicados á infancia e ás persoas dependentes.

► Terceira argumentación: as mulleres non queren, en realidade, postos de responsabilidade. Esta argumentación sae con frecuencia nos debates e, case sempre, vén enunciada por un participante masculino e é rexeitada, ás veces con indignación, por parte das asistentes.

Pois ben, unha vez establecido o feito de que, con frecuencia, as mulleres non poden ou non lles deixan, paréceme de interese determe nesta afirmación: *as mulleres non queren*. Porque eu creo que é certo. Moitas mulleres non queren, e



teñen dereito a non querer. As mulleres que *non queren* valoran máis o seu tempo libre que o seu éxito profesional: son as miles de mulleres que enchen as salas de concertos, os parladoiros literarios, as conferencias e exposicións, que non deixan pasar as proxeccións cinematográficas do momento, que viaxan soas ou en grupo, que son grandes lectoras, que se reúnen coas súas amigas para merendar ou simplemente para falar, para compartir experiencias, penas e alegrías. E son as mulleres solidarias, porque é un dato fácil de contrastar que as ONG, especialmente as asistenciais, teñen unha alta porcentaxe de participación feminina, así como as asociacións veciñais ou as ANPAS.

Estas mulleres que *non queren* constitúen un valiosísimo acervo de cultura,

de humanismo, no sentido renacentista da palabra, que debería recibir o maior dos premios, se non fose porque elas... non queren. E quizais deberían ser máis imitadas por moitos varóns.

Son admirables, non cabe dúbida, todas as persoas que co seu esforzo ou a súa intelixencia obteñen éxitos dignos de mención nas súas profesións, investigacións ou producións artísticas, e oxalá haxa moitas mulleres entre elas. Tamén podemos celebrar que haxa persoas cuxa dedicación ao poder, se é con honestidade e responsabilidade (dicir isto coa que está caendo!), fagan que esta sociedade funcione un pouco mellor. Pero, por que temos que facer diso o noso único modelo ou o noso obxectivo preferente?

O modelo que se foi fraguando nesta sociedade capitalista e aínda bastante patriarcal é o dunha sociedade sumamente competitiva. Edúcense as persoas, xa desde a infancia, na competitividade e na busca do éxito. A obsesión do noso ínclito exministro de Educación pola «excelencia» é unha boa mostra. A busca da excelencia impregna o modelo: campus de excelencia, centros de ensinanza excelentes... e aos *mediocres* que lles dean. Imos ver: un país *excelentemente educado* sería un país con bo profesorado e bos centros educativos para todas as persoas, o que esixe unha boa dotación económica.

En resumo, débense combater todos os obstáculos ideolóxicos e obxectivos que impiden a plena participación das mulleres en todos os ámbitos da actividade social, e os seus valores e os seus éxitos deberán ser recoñecidos como merecen, pero non midamos os avances só polo que reloce. Non esquezamos que a *aurea mediocritas* era para os gregos un atributo da beleza. ■

«Había que facelo, na casa non entraban cartos, mais había moitas bocas a comer»



Carme Martínez Domínguez

mulleres do ESTRAPERLO

RAQUEL CASTRO

Carme Martínez Domínguez é unha muller de 86 anos que vive na parroquia de Meder, Salvaterra de Miño. Unha muller que, cando a vou visitar, non se conforma con regalarme os seus recordos, senón que os acompaña dunha empanada de bacallau con pasas e unha botella de viño tinto. Ao seu lado, síntome unha nena inexperta e, na miña ignorancia, pregúntolle, «por que se dedicou vostede ao estraperlo, Carme?», e ela, mirándome aos ollos, sen entender ben a razón da pregunta, espétame: «Muller, por necesidade! Non había outra cousa».

O estraperlo, segundo nos di o dicionario, é o comercio ilegal e clandestino de artigos de primeira necesidade en época de escaseza. Pois escaseza era o que estaban a pasar Carme e a súa familia cando alá polo ano 1952, acompañada dunha curmá de 14 anos, se meteu a estraperlista. Entre os 23 e os 27 anos, cando casou e lle colleu o relevo seu home, foi tres veces por semana a Pontevedra na busca de améndoas.

Lembra como súa nai lle fixo unha combinación ou viso de dobre tea onde ela gardaba os prezados produtos cos que traficaba, sobre todo améndoa e

café. Nun autobús, chamado *A Palestina*, facían unha longa ruta por Pazos de Borbén até Pontevedra, para mercar améndoa nuns grandes almacéns, Almacéns Muíños. Cada persoa podía sacar uns 12 quilos de améndoas, para non levantar sospeitas ou, máis ben, porque estaba racionada, xa que é bastante sospeitoso que a mesma persoa merque cada dous días 12 quilos de améndoa pelada.

Pontevedra non é unha gran cidade e nos anos cincuenta aínda o sería menos que hoxe, mais unha moza de aldea soa na capital pode vela coma a cidade



máis grande do mundo. E iso foi o que lle pasou a Carme, cando, preto xa do Nadal, decidiu ir dar un paseo pola fermosa cidade vella engalanada, mentres non lle tocaba a súa quenda para ser atendida en Almacéns Muíños. A luz dos escaparates, que tentaban esquecer unha crúa posguerra, fixo que Carme perdesse a noción do tempo e, cando quixo volver a pola súa améndoa, se atopase completamente desorientada. Angustia, pensando en perder *A Palestina*, atopou cuns mozos que a acompañaron ata o portalón do almacén, gustosos de servir de utilidade a unha moza desamparada.

O quilo de améndoa custaba cincuenta pesetas, do que só gañaban dúas na súa venda. Unha vez vendida a améndoa comprábanlles café aos Palluzos de Angoares, parroquia de Pontearreas. Este café cru, dentro do viso, levábano a Vigo, onde nunhas casas na Praza de Portugal llelo mercaban para a torrefacción. Rematado o periplo volvía comezar outro: améndoa, café, améndoa, café...

Aínda que a vida de estraperlista de Carme xirou, sobre todo, entre o café

e a améndoa, ás veces, se había ovos, mercaba a ducia a cinco pesetas e vendíaa logo a seis. Tamén se atreveu con cacahuets, perfumes, pos de madeira de Oriente, salitre e mecha para os foguetes e mesmo con chapa, que viña, lembra, en fardos que non se pegaban tan ben ao corpo como o café, nin tampouco deixaban o mesmo arrecendo.

Dedicarse ao estraperlo, dime Carme, non era doado. Sempre se andaba co corazón nun puño por mor da *brigadilla* que se achegaba ás paradas de autobuses de liña para interceptar o ilegal negocio do que eles tamén sacaban proveito. Seiscentas pesetas en améndoa lle levaron á nosa Carme cando fixeron rexistro na *Palestina* e, ela, de boca pechada, aturou sen dar nin chío.


Carme maila súa curmá eran as únicas mozas da parroquia que se dedicaban ao estraperlo. «Non tiña medo —dime—, sempre fun unha moza moi decidida e afouta. Había que facelo, na casa non entraban cartos, mais había moitas bocas a comer». Sabía que era algo que estaba mal visto para unha muller, semellaba que era *oficio de ho-*

mes, porén outras mozas do lugar non se viron con forzas para andar cos grans de café pegados á pel.

Meder non queda preto do río Miño, lugar onde o estraperlo de Carme é un xogo inocente. En Santa Mariña de Liñares, As Neves, o tráfico entre Galiza e Portugal era constante. Cunha batela, guiada por un bateleiro, que, por suposto, sacaba a súa parte, pasaban carbón e traían sal. Xa o avó de seu home se dedicaba a isto. Ela tamén foi algunha vez e enterrou os zapatos na lameira do río.

Custa imaxinar, hoxe en día, a necesidade tan grande e imperiosa que te pode levar a coller os fardos na noite e levar pegado á túa pel o delito polo que a *parexa* te pode levar presa. Camiñar quilómetros con tamancas que cambiarás por zapatos de tacón cando chegues á parada de autobús que te leve á capital. Verán e inverno, inverno e verán, sen descanso, durante catro anos seguidos. Pernas fortes, pés curtidos e, sobre todo, unha valentía que te fai invencible e que marca a vida dunha persoa que chegada a vellez che fala con espírito de moza. ■

geeks, gafapastas, modernos... e machistas



No mundo dos *gamers*, non é raro que as rapazas sufran acoso e burla por parte dos homes

MARTA VEIGA IZAGUIRRE

Dhaunae de Vir é natural de Cervantes, nos Ancares de Lugo, e vive en Londres, onde desenvolve videoxogos e produce xogos de rol e series *online*. Foi, durante un tempo da súa vida, *gamer*, ou o que é o mesmo, xogadora case profesional de videoxogos. Esta moza galega relata como algunhas das súas compañeiras teñen empregado ata simuladores de voz para agocharse como

mulleres, xa que no mundo dos *gamers*, non é raro que as rapazas sufran acoso e burla por parte dos homes. Non as queren nos equipos, porque pensan que van ser un lastre e, despois, non son quen de soportar as derrotas a mans dunha muller.

A dos *gamers* é unha subcultura deses *geeks* vidos a máis desde a figura da vítima do abusón do instituto nas pelí-



Brianna Wu e Amanda S. Warner, fundadoras de *Giant Spacekat*. Foto: Shannon Grant

No século XXI, os rapaces dos videoxogos non queren nenas no seu club da casa da árbore

culas de Hollywood ata os triunfadores de Palo Alto e de Silicon Valley na sociedade da información e dos dispositivos tecnolóxicos. Desde o *screech* de *Salvados por la campana* e o Steve Urkell de *Cosas de casa* ata os actuais protagonistas de *The Big Bang Theory*.

No século XXI, os rapaces dos videoxogos non queren nenas no seu club da casa da árbore. Os comportamentos poden ir desde a condescendencia —iso non che vai gustar; non é para ti—, ata o sexismo e á misoxinia máis evidentes, como se puido comprobar no verán de 2014 á conta do chamado *Gamergate*, un escándalo con acoso e ameazas proferidas contra mulleres que ousaron alzar a voz.

Hai uns días soubemos que a actriz Scarlett Johansson soa con forza para

interpretar no cinema a Zoe Quinn, escritora e creadora de videoxogos, contra quen un exmozo, Erron Gjoni, botou un rabaño de cretinos que, entre outros delitos, deixaron escrito pola internet que tiñan intención de violala e matala. O motor destas ameazas non foi outro que un ataque de cornos do señor Gjoni, que asume que se un produto desenvolvido por unha señora ten boas críticas no mundo dos *gamers* é unicamente porque —bingo!— ela se deita con alguén.

Coma un exército de zombis sen miolos, os trolls aproveitaron a banda larga para atacar toda persoa que saíse na defensa de Quinn. Sucedeulle á crítica cultural Anita Sarkeesian, de *Feminist Frequency*. As acusacións, as coñecidas: que se fraco favor lle facedes á

cultura *gamer*, que se eu non son machista, que teño nai e irmás, que se pensades que isto é machista que dices doutras escenas, que o son moito máis...

E é certo que existen espazos tan —e mesmo máis— hostís para as mulleres, coma o dos *geeks*. Só cómpre botarlle un ollo a eses epítomes de modernidade, revistas e *magazines* con fotos en branco e negro e reportaxes de títulos próximos á náusea: *Mujeres que leen*, *Las mujeres y el arte*... Musas, lolitas, pigmalións... Podería ser unha novela de Federico Moccia, pero estes outros van de intelectuais.

De volta ao *Gamergate*, o escándalo tivo unha nova dimensión unhas semanas despois, no momento no que a Brianna Wu, líder dun equipo cen por



«[...] non precisaba dos pesados estereotipos femininos para representar ben unha muller»

cento feminino de desenvolvedoras de videoxogos, se lle ocorreu amosar o seu enfado no seu *newsletter* en redes sociais. O pecado de Wu? Sinalar que algo estaba «roto e enfermo» na cultura *geek* se non se pode dicir que trinta anos de retratar as fêmeas como obxectos sexuais ao servizo da mirada masculina normaliza un xeito de tratamento cara ás mulleres.

As usuarias das redes sociais somos coñecedoras destes comportamentos. Sabemos cal é a loita diaria á que se enfrontan as activistas ciberfeministas, que ademais de escorrentar trolls, *machirulos* e cabestros a diario teñen que termar tamén de autoproclamados compañeiros de revolución que minusvaloran a pelexa en Twitter e Facebook, que fan de menos a creación dunha cultura pop feminista e que se atreven, mesmo, a conceder carnés de feminista polos seus santísimos atributos.

De ciberacoso sabe tamén Scarlett Johansson e é unha boísima noticia que unha superestrela coma ela poida ser a elixida para contar como Zoe Quinn tivo que estar agochada seis meses por medo aos seus acosadores. A propia Johansson ten sido vítima da filtración de fotografías súas espida e diana dos que as reproduciron unha e outra vez en internet para chamala puta ou para dicir que non a tocaban nin con un pau —como se ela quisexe, en fin—.

Tamén a actriz Emma Watson viviu coa espada de Damocles de quen aseguraba que ela sería a seguinte en ver imaxes íntimas súas publicadas. As coaccións coincidiron no tempo cun discurso que Watson pronunciou como voceira de Igualdade de Xénero para Nacións Unidas, minimamente belixerante e case que benintencionado, que non por iso deixou de ser interpretado como unha ameaza para o *statu quo* patriarcal.

Compañeira de xeración de Watson e de Johansson é Jennifer Lawrence, talentosa, oscarizada e igualmente vítima do *hackeo* do seu teléfono móbil e a posterior filtración de imaxes privadas súas *urbi et orbe*. Malia ser a intér-

prete —home ou muller— máis rendible do cinema na actualidade, Lawrence non é cómoda para o *star-system* e este mesmo outono contou o idiota que se sentiu ao saber que cobraba moito menos cós seus compañeiros masculinos de reparto; o defraudada consigo mesma, por aceptar que unha muller non debe pedir máis cartos e negociar con dureza as condicións económicas do seu traballo.

Jennifer Lawrence encarna, ademais, a personaxe de Katniss Everdeen, a protagonista da saga de ficción fantástica *Hunger Games* —case que prefiro o de *Jogos vorazes* que din os portugueses—, unha serie de libros e de películas que achega unha nova visión sobre as posibilidades das mulleres nun terreo, o da ciencia ficción, a fantasía e os superheroes, moi próximo ao dos *gamers* e *geeks*, cando non directamente solapado.

Nun recente artigo, a xornalista Nate Hoffelder explica para a publicación *online The Digital Reader* o diferente xeito de debuxar e de narrar homes e mulleres nos cómic; mesmo cando a protagonista é unha superheroína non se libra de ser hipersexualizada e presentada en actitudes suxestivas, men-



tres que para eles o que cómpre son músculos e máis músculos. Por non abundar no feito de que, moitas veces, as mulleres de bandas deseñadas carecen de caracteres identificadores singulares: sempre os mesmos peitos inflados, a mesma cintura de avés, o mesmo cu recachado.

Por outra banda, a meirande parte das narrativas de fantasía con máis repercusión na cultura pop desde a segunda metade do século xx non superan o test de Bechdel, unha ferramenta desenvolvida pola autora de cómic lesbiana e activista feminista Alison Bechdel co obxecto de establecer se unha obra cultural foi concibida desde a cultura patriarcal. Bechdel só lles pide ás películas, bandas deseñadas e novelas que cumpran dous requisitos: que aparezan máis de dous personaxes femininos con nome e que interactúen entre si, pero non para falar dun home. Isto é, que amais de haber mulleres, que non sexan unha mera escusa para desenvolver os caracteres masculinos.

Semella sinxelo e pouco ambicioso, non si? Dúas mulleres non son tantas personaxes. Pois resulta que suspenden o test de Bechdel a triloxía de *O señor*

dos aneis, a primeira triloxía de *Star Wars* e tamén *Star Trek*. Tampouco pasan a proba *Iron Man*, *Guardians of the Galaxy*, *The Avengers*, *Avatar* ou a máis recente triloxía de *Batman*.

Afortunadamente, as feministas podemos contar con aliadas nestes universos *geek* e *nerdy*. Desde o xa citado traballo de Anita Sarkeesian en *Feminist Frequency* ata o activismo de portais como *The Mary Sue*, que lle achega unha visión de xénero ao *fandom*, xa sexa de series de televisión, xogos de rol, novelas, cómics, películas ou videoxogos.

Fóra do ámbito anglosaxón, a profesora, paleontóloga e xeógrafa brasileira Lady Sybylla e o seu portal *Momentum Saga* abren unha fiestra desde a lusofonía cara ao universo da fantasía e da ciencia ficción. Nunha das súas entradas máis recentes, por exemplo, explica esta analista o efecto Scully; como no ecuador dos noventa a personaxe interpretada en *Expediente X* por Gillian Anderson compuxo unha muller que era ao tempo científica, policía e un ser humano. «Dana Scully non precisaba dos pesados estereotipos femininos para representar ben unha muller», di Sybylla.

Grazas a *Momentum Saga*, este verán soubemos que o *Gamergate* tivo unha réplica case que exacta no eido da literatura fantástica e da ciencia ficción. O escenario foron os premios Hugo, os máis importantes no xénero fantástico, sobre os que despregaron un golpe de estado un grupo de autores autodenominados *sad puppies*, que aseguraban estar fartos de que os galardóns, dun tempo a esta parte, recoñecesen máis a diversidade de xénero, orientación sexual, orixe e raza que o talento verdadeiro.

Outra vez a falacia sobre as cotas e a representatividade. Porque todas sabemos que se hai algún sector infrarrepresentado en calquera ámbito deste

mundo ese é o dos homes brancos, occidentais e heterosexuais de mediana idade.

O envite dos *sad puppies* non chegou a bo porto. Recibiron a censura de autores tan poderosos como George R. R. Martin, autor de *A Song of Ice and Fire* —a serie de novelas que lle dá orixe á de televisión *Xogo de tronos*—, quen como home branco, heterosexual de mediana idade recordoulles aos seus colegas o moi privilexiados que son no mercado a carón de autoras lesbianas de África ou Asia, invisibilizadas e minorizadas.

Afortunadamente, as feministas podemos contar con aliadas nestes universos *geek* e *nerdy*

George R. R. Martin ten superado moitas outras liñas para proído de *gamers* e *sad puppies*, para dor de seareiros que preferirían un *fandom* de todo pirollos, no que as rapazas puidesen ser substituídas por un obxecto decorativo (na cultura pop existe o test da lámpada sexy: podes pór unha lámpada sexy no lugar onde aparece unha muller nunha película? Pois mellor non vexas a película).

O bo de Martin goza ao partillar fotografías no seu LiveJournal con Charlene Harris, a autora das novelas da saga *The Southern Vampire Mysteries*, que inspiraron a serie de televisión *True Blood*, ou Diana Gabaldón, creadora de *Outlander* e produtora da ficción televisiva do mesmo nome.

Que afronta para a masculinidade rancia e tradicional dos fieis deste xénero narrativo que un dos seus autores favoritos alterne con dúas escritoras que non fan nin literatura fantástica nin ciencia ficción de verdade —é dicir, para tíos—, senón uns *culebróns* cursis. Porque non é iso, o romance pegañento e con moito azucre, o único que sabemos ler as señoras? ■



Protagonistas da serie *The Big Bang Theory*
Foto: Sonja Flemming/CBS

Conxeta, monxa por devoción e pianista por vocación



ANNA AMORÓS PONS E DORA ALBENTOSA LABUIGA*

A min, un día gustárame falarvos da miña irmá Conxeta, porque a súa é unha historia de bondade, pero tamén de moita tristura. Unha historia chea de ausencias, de perdas, de soidade que ela soubo encher coa súa xenerosidade cara aos demais e coa música.

Con estas verbas de tenrura, Adoración, Dora para os seus achegados, facíanos entrar con fonda curiosidade, nunha tremenda historia. Era un sábado de novembro pola tarde e alí, sentada no salón da súa casa, cos seus case 90 anos, comezou a lembrar con total claridade a súa infancia.

Nadas as dúas durante a ditadura de Primo de Rivera, Dora en 1925 e Conxeta dous anos despois, ambas eran fillas dun matrimonio que rexentaba un ultramarinos. Pero a desgraza veu ao pouco de nacer a meniña, a súa nai Adoración, finaba con tan só 28 anos, polo que a avoa Pepa, coñecida como a *Macastreña*, e o seu marido Vicentet pasarían a ter un papel decisivo na vida das dúas irmás:

A miña avoa Pepa tiña seis fillos xa casados. Todos, excepto a súa filla máis pequena e faise responsable de min. Sen embargo, a miña irmá Conxeta, tan só tiña uns mesiños e necesitaba ser aleitada. Por iso foi trasladada á aldea de Macastre, onde, por mediación duns parentes, encontrou unha nova nai —María— que perdera ao seu fillo, polo que dende ben rapaciñas xa estivemos separadas. Alí estivo Conxeta ata os 3 anos e a miña irmá foi moi feliz.

Pasou o tempo e Conxeta volveu á casa dos seus avós maternos, onde estaba a súa irmá Dora. Viviu con eles ata os 7 anos. Mentres, o pai delas, Paco, casou dúas veces máis e quedou viúvo outras tantas. Polo que elas tiveron dúas madrastas e seis medio irmáns:

Primeiro casou con María e tiveron tres fillos, pero, un pouco antes da guerra civil morreu a súa dona e, decontado, decidiu casar coa Pepica, a irmá da súa muller que era vinte e un anos máis nova ca el! E con ela tivo tres fillos máis. Vivían na cidade e, claro, con tanto cativo na casa, entre fillos e sobriños, non daban feito!, polo que trouxeron a miña irmá Conxeta, que tiña 7 anos, a vivir con eles para que lles axudase.

Neste intre Dora emociónase, porque aínda hoxe sente moita mágoa da súa irmá:

Pobre da miña irmanciña Conxeta!, o que lle esperaba nesa casa, traballo, traballo e máis traballo! Que vida! Con ese corpo tan miúdo e traballando todo o día, sen parar e sen queixa! E non era nadiña feliz, pero nadiña! Que tristura de vida!

Na guerra civil, a familia trasladouse de novo á aldea e viviron na casa dos avós paternos:

A miña irmá continuou sendo a criada da súa madrasta. Ao rematar a guerra trasladáronse de novo á cidade e alí continuou sendo explotada. Vendo todo iso, o meu pai decidiu internala durante tres anos no colexio das Dominicás.

Conxeta tiña entón 12 anos e alí comezou os estudos de música, de piano, no Conservatorio, na época escura da posguerra. Pasaron tres anos e Conxeta regresou de novo á aldea. Despois de vivir catro anos na casa da avoa Pepa, coa súa irmá Dora, encargouse de axudar a súa tía Amparo que

* Dora, sobriña de Conxeta, e Anna Amorós, veciña de Dora.

LEMBRANZAS dunha época



tiña varios fillos. Nesa época ata tivo un noivo, pero finalmente decidiu ingresar como monxa na congregación das Dominicanas, alá polo ano 1952:

Estaba de noviciado en Vic e o mesmo ano en que faleceu a avoa Pepa, en 1956, a miña irmá profesou, cunhas setenta novicias máis, e adoptou o nome da nosa nai, a irmá Adoración, e a miña filla Dora, que daquela era unha rapaciña, foi a súa madriña.

A irmá Adoración —como é coñecida na congregación— estivo primeiro destinada durante quince anos en Sagunto; despois estivo tres en Albacete e máis tarde, xa de prioresa, en Alcázar de San Juan, traballando nunha clínica de enfermeiras durante seis anos. O seguinte destino foi Campo de Criptana, onde pasou uns dez anos. Despois, un ano en Valencia e por último, volveu a Sagunto, onde estivo outros vinte e tres anos máis. En todos estes lugares daba clases de piano e solfexo, preparando os estudantes para os exames do Conservatorio. Neste intre da entrevista, a súa sobriña Dora lembra que de nenos foron vela moitas veces:

Nunha das visitas levounos ao soto do convento e alí abaixo, naquel enorme lugar, estaba o piano. Creo lembrar agora que había máis de un. Si!, creo que eran tres ou catro pianos. Para nós, a visita a Sagunto era un acontecemento: o colexio, o castelo, os pianos, a tía Conxeta, as monxas, os caramelos!

A comezos dos oitenta, en 1982, a desgraza visita de novo a Conxeta e por culpa dun accidente de coche perde a man dereita:


Isto foi tremendo —lembra a súa irmá Dora—, a música, tocar o piano, a ela enchíana, vivíaa! Foi moi duro, pero ela non se rendeu e continuou a súa vocación como profesora de piano, cunha soa man, a esquerda.

Co novo milenio, a congregación das Dominicanas construiu unha residencia, con hospedaxe para monxas maiores e para estudantes universitarios e ela levou durante un ano a dirección da mesma.

A miña irmá Conxeta, para min sempre será Conxeta!!! —insiste Dora—, a pesar de ter unha soa man, continuou impartindo aulas de música e a súas derradeiras alumnas, en Sagunto, son netas das súas primeiras alumnas! Que che parece? Esa é a miña irmá Conxeta!

Na actualidade, Conxeta non dá xa aulas de piano e con 87 anos aínda está a traballar e cada día fai xestións para a comunidade. Ela foi e segue a ser, un referente familiar, o nexo de unión entre todos os irmáns. A pesar dos problemas na súa infancia, Conxeta recoñece que foi feliz, porque soubo compartir xenerosamente a felicidade cos seus. ■

Libros



Malditas: Una estirpe transfeminista

ZIGA, Itziar: *Malditas: Una estirpe transfeminista*, Tafalla (Navarra), Txalaparta, 2014.

ESTRELA VILAVERDE

Neste libro a autora fai unha escolma de biografías de oito mulleres. Todas elas teñen unha cousa en común, por unhas razóns ou outras, teñen algo de *malditismo* nas súas vidas e non só tiveron que enfrontarse á discriminación como mulleres, senón tamén como negras, pobres, putas, bastardas, transexuais, lesbianas...

Non só tiveron que enfrontarse á discriminación como mulleres, senón tamén como negras, pobres, putas, bastardas, transexuais, lesbianas...

Valerie Solanas (9-4-1936, EE.UU.): aínda que é coñecida por terlle disparado a Andy Wharhol, o máis destacado de Valerie é que fixo e difundiu un manifesto, o manifesto SCUM, texto feminista de carácter rachador que hoxe é obxecto de estudo e mención en todo o movemento feminista.

Sojourner Truth (1797-1800?, EE.UU.): escrava afroamericana que fuxiu dos seus amos e conformou un irresistible discurso sobre os dereitos dos afroamericanos e das mulleres, acudiu a diversas convencións de dereitos das mulleres, pronunciando un impresionante discurso, «And ain't I a woman?» (Acaso non son eu muller?).

Sylvia Rivera (2-7-1951, EE.UU.): transexual participante na revolta acontecida en Nova York o 28 de xuño de 1969, diante do bar Stonewall. A partir do ano seguinte e ata hoxe nesa data conmemórase o Orgullo Gai. Sylvia acolleu numerosas transexuais pobres e rexeitadas polas súas familias, o que fixo que a coñecesen co nome agarimoso de *mamma*.



Sojourner Truth



Olympe de Gouges



Annie Sprinkle



Laura Bugallo

Annie Sprinkle (23-7-1954, EE.UU.): actriz porno e prostituta. Dirixiuse a si mesma en *Deep inside Annie Sprinkle*, que chegou a ser a segunda película porno máis exitosa en 1981, en EE.UU. Nela, a actriz e directora, fala directamente á cámara, deconstruíndo o fetiche de actriz porno afastada e submisa, fala da súa vida real, amosando fotos familiares e desvela os segredos do orgasmo feminino.

Louise Michel (29-5-1930, Franza): foi mestra e creou diversas Escolas Libres. Participou activisimamente na Comuna do 18 de marzo de 1871, un modelo de sociedade revolucionario e transgresor no que as mulleres estaban dotadas de moitos dereitos impensables nese momento.

Olympe de Gouges (7-5-1748, Franza): filla bastarda do marqués de Pompi-gnan, é coñecida como autora da Declaración de Dereitos da Muller e da Cidadá (1791), que non é só a necesaria versión feminina da Declaración de 1789, senón que ademais fai aportacións específicas para corraxir a desigualdade entre homes e mulleres.

Kathleen Hanna (12-11-1968, EE.UU.): cantante do grupo punk feminista Bikini Kill. Nas súas letras denunciaban a opresión sexista e exaltaban as heroínas cotiás que rebentan os moldes de xénero. Nos concertos repartían fancines feministas e berraban «Girls to the front!», para que as mulleres puideran ocupar as primeiras filas dos concertos, que acostumaban ser ocupadas por homes bailando de forma extremadamente violenta.

Laura Bugallo (6-5-1964, Galiza): transsexual que se enfrontou ás mafias de trata de persoas inmigrantes, o que lle custou ser levada aos xulgados acusada falsamente por un delito de falsidade documental. Tamén se tivo que enfrontar aos propios compañeiros de sindicato cando decidiu pasar de ser Xoán a Laura.

A escritora vasca sente a necesidade de dar a coñecer e reivindicar a vida destas mulleres que non forman parte da historia do feminismo oficial de mulleres brancas e de clase acomodada. Pero como ben di Itziar, a historia da loita feminista sería mais triste e anódina sen todas estas mulleres, e é necesario dalas a coñecer para empoderar as actuais guerreiras e malditas.

As historias enganchan non só polo apaixonantes que son en si mesmas, senón tamén pola maneira desgarrada, provocadora e divertida que ten a autora de contalas. Iso si, botei en falta, máis pluralidade nas orixes xeográficas (moitísimas son dos EE.UU, ningunha do hemisferio sur, ou de Asia), tamén botei de menos a biografía dalgunha meiga, personaxes malditos por excelencia e de moita tradición na nosa cultura galega. Con todo, recoméndo-vos ler esta xenial compilación e a seguir buscando, recoñecendo, reivindicando e empoderando a todas as mulleres malditas da nosa historia. ■

Libros



Mulleres chanadoras, retratos feministas contra o esquecemento

ZÉLIA GARCIA

Ilustrísima's deseña as imaxes das facianas que nos roubaron ou que silenciaron. Este fanzine e proxecto colaborativo nace nas redes sociais e materialízase no mes de marzo nunha exposición e na publicación dun *libro zine*, cos retratos de mulleres que as deseñadoras e deseñadores escolleron imaxinar cos seus lapis.

Coa vontade de xerar unha rede de difusión de coñecementos, tanto históricos como actuais, sobre as mulleres, *Ilustrísima's* reivindica «figuras que deben ser consideradas referentes, xa sexa por unha lectura positiva dos seus fitos ou polo excéntrico e cruel dos seus actos». Sempre acompañan aos retratos das históricas señoras unhas poucas liñas que, tirando do humor e da complicidade co público doutro lado da pantalla ou do papel, tentan convidar a coñecer máis a fondo as personaxes que presentan.

Ilustrísima's é un proxecto creado desde a cooperación e en rede que, como relata Montserrat Piñeiro, unha das autoras, «xurdiu polas ganas de facer unha homenaxe a mulleres que non

eran tan recoñecidas ou que si o eran, pero que merecían ser lembradas. É un fanzine sobre mulleres molonas, que fixeron cousas incríbeis ou que as están facendo a día de hoxe. Non todas fixeron cousas loables, pero todas se enfrontaron a certas dificultades para levar adiante o que pretendían».

«Ao longo da historia, as mulleres sempre foron tapadas ou apartadas de certos ámbitos, e aquí hai mulleres piratas, compositoras na época na que estaba prohibido ou estaba mal visto, porque ás mulleres se lles reservaba, en exclusiva, o papel de nais e coidadoras do fogar. Hai científicas, mulleres na sombra, artistas...», resume a deseñadora Montserrat Piñeiro.

Esta proposta editorial naceu tamén para, aproveitando e apropiándose das redes sociais e dos seus distintos perfís (facebook, instagram, tumblr), continuar a crear un tecido de «ilustres ilustradorxs, librepensadorxs e amantes da retransca do noso tempo». Por iso, tamén teñen un espazo para publicar os seus traballos, visibilizar a potencialidade e forza dos trazos de quen escribe

Ilustracións, de esquerda a dereita e de arriba a abaixo:

Rosa Parks (Elena VC)
Deborah Anne Dyer (Monster Rat)
Harriet Tubman (Bort)
Emmy Noether (Laura Iturralde)
Elspeth Beard (Guillermo Mayo)
Nelly Bly (Elena VC)



a historia invisibilizada, esa *herstory* de mulleres *chanadoras* que houbo en todas as xeracións.

As súas novas publicacións *online* son varios retratos lindísimos e cargados desa potencia que tanto atrapa nas súas obras. A bailarina e coreógrafa Pina Bausch é unha destas últimas protagonistas, cun cigarro, sorrindo de esguello, faciana desafiante, e acompañada do texto: «con ela aprendemos que se non bailamos estamos perdidas». Á ecofeminista Judi Bari, «loitadora incansable contra o saqueo da Terra, quixeron calala poñendo unha bomba baixo o seu coche; deixárona en cadeira de rodas, pero a súa voz non se apagou nunca», mira para nós desde a pantalla coa firmeza coa que a imaxinamos defendendo os derradeiros ecosistemas fo-

restais fronte ás corporacións multinacionais en Ianquilandia. Ou *Madame Moustache*, Eleanor Dumont, xogadora mítica francesa do século XIX, astuta coas cartas nas mesas de xogo, cos mineiros en Nevada e ao longo da costa do Pacífico, acompañada dunha inusitada estética peluda que «lles ensinou a todos que a súa cara de póquer non tiña rival».

De cara ao outono teñen pensado mover esta exposición para outros lugares, mesmo para o veciño Portugal. E de feito, *Ilustrísima's*, no seu afán de chegar até as estrelas e máis alá, vai estar o 17 de outubro na cidade de Copenhague, no Zine Fest. Neste mes de outubro tamén participaron da edición do Ladyfest do Liceo Mutante en Pontevedra, onde se puideron mercar os

últimos números da segunda edición do primeiro número de *Ilustrísima's*. Os seus retratos tamén chegaron a Ca La Dona, en Barcelona, onde participaron na mostra «Contramemòria: oblidem l'oblit!» desde o 14 de outubro, unha mostra colectiva contra o esquecemento e por unha toma de conciencia antagonista do pasado. Desde marzo, data de presentación do libro *fanzine*, traballan nun segundo número que terá tamén unha presentación na cidade de Vigo.

Autoedición, risas, a forza das creadoras novas que seguen a pista das que fixeron posíbel que moitas hoxe poidamos continuar a danzar arredor do lume, pelexando pola nosa liberdade. ■

Libros



O derradeiro libro de Emma Olson

DÁVILA, Berta: *O derradeiro libro de Emma Olson*, Vigo, Galaxia, 2013, pp. 107

PATRICIA ARIAS CHACHERO

Teño unha amiga que é amiga das miñas amigas mesmo sen coñecelas. Cando me regalou esta novela comentou: «Xa verás como che gusta. É unha historia bastante dura, pero estou segura de que che vai prestar e verás como acabas mercando algún exemplar para compartilo con algunha outra amiga». E foi verdade. E é así como imos tecendo sólidas redes literarias de amizade. Compartindo os libros, compartindo as historias. E esta é unha desas lecturas que paga a pena.

Berta Dávila, a autora de *O derradeiro libro de Emma Olson*, é unha moza galega de apenas 28 anos que publicou a súa primeira novela, *Bailarei sobre a túa tumba*, no ano 2008, cando gañou o Premio Biblos. Clube de lectores. Agora, sorpréndenos cun traballo maduro e elaborado. Unha novela breve, ben escrita e traballada.

O libro, que viu a luz por vez primeira no ano 2013, acaba de editarse en castelán. No pouco tempo que leva na rúa mereceu unha chea de recoñecementos. Recibiu o Premio de Narrativa Breve Repsol 2013 e o da Asociación de

Escritores como mellor libro de ficción 2013.

A historia que conta atrapa desde os primeiros parágrafos. Emma, a narradora, é unha escritora de éxito que tras recoller un Pulitzer, regresa a Faith, a vila onde naceu e viviu até cumprir a maioría de idade, para escribir a que sabe será a súa derradeira obra. Enferma terminal de cancro, reconstrúe nas páxinas que redacta a súa infancia e mocidade. Época fundamental da vida estreitamente relacionada con Clarissa, a nena que se cría na casa do lado, a amiga, a confidente, a compañeira de xogos e, andando o tempo, a primeira amante.

Unha historia de amor entre mulleres. A narración dunha descuberta, dun conflito, dun saberse diferente e querer fuxir dun contorno que oprime e non comprende. A narradora recorre á escritura como terapia, como vía de liberación das lembranzas que nos afogan, que nos definen e nos condicionan. Emma, que ve próximo o final da vida, precisa deixar clara a verdade do seu pasado. Clarissa representa a devoción,

o amor, a paixón, o desexo sexual, pero tamén a relación posesiva, dominadora e mesmo enfermiza. A quebra do pacto de fidelidade mutua que xuraran sendo nenas desencadea o inesperado final da novela.

En apenas dez capítulos, e pouco máis de cen páxinas, Berta Dávila soubo debuxar o ambiente asfixiante dunha pequena vila de provincias, na que nunca pasa nada e ao mesmo tempo, pasan todo tipo de cousas. Mortes en estúpidos accidentes, roturas de parellas e mesmo a descuberta dos ósos dun dinosauro. Ambientada nos Estados Unidos, sen referencias a Galicia, *O derradeiro libro de Emma Olson* fala alto e claro da vida de centos de mulleres que navegan entre o cotián e escollen o seu camiño, definíndose e sentíndose orgullosas de ser quen son, de ser como son, procurando esquecer o dano que non quixeron facer, pero que fixeron sen querer. ■



anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume
Rúa Fernando Macías

Santiago

Librería Couceiro
Praza de Cervantes, 6

Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central
Ártico. Rúa do Vilar, 49

Pontevedra

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

Librería Paz. Peregrina, 29

Lugo

Librería Trama
Avd. da Coruña, 21
(galerías)

Wisława Szymborska naceu o 2 de xullo de 1923 en Prowent, asentamento que na actualidade pertence á cidade de Kórnik, no centro da Gran Polonia.

En 1931 a súa familia trasladouse a Cracovia, onde a poeta viviu ata a súa morte, acontecida o 1 de febreiro de 2012.

Wisława Szymborska

Wisława comezou a estudar no colexio das Ursulinas, en Cracovia, e durante a guerra asistiu a estudos clandestinos. Ao finalizar a secundaria realizou diversos traballos, mesmo de empregada de ferrocarril, e, posteriormente, durante os anos 1945-1948, ingresou na Universidade de Jagiellónica, onde estudou Lingua e Literatura Polaca e Socioloxía, pero non chegou a finalizar os estudos por problemas económicos.

Nesa época ingresou no Partido Obreiro Unificado Polaco, do que máis adiante se distanciou.

En 1945 apareceu por primeira vez publicado un poema seu, «Busco a palabra», no suplemento literario do xornal *Dziennik Polski*. En 1952 publicou o seu primeiro libro de poemas, *Por iso vivimos*, e en 1954, o segundo, *Preguntas feitas a unha mesma*. Máis adiante, ela mesma criticaría estes dous primeiros libros por estar demasiado apegados ao realismo socialista que imperaba naqueles anos.

Foi a partir dos cambios políticos de Polonia, en outubro de 1956, que permitiron unha maior apertura cultural, cando, coa publicación de *Chamada ao Yeti*, en 1957, se mostrou sen trabas a súa poesía, recibindo moi boa acollida por parte do público e da crítica.

A súa poesía utiliza unha linguaxe sinxela e directa que chega a todo o mundo, deixando sempre despois de lela un pouso de inquietude. É unha poesía chea de preguntas



que atinxen tanto á vida cotiá como aos problemas máis importantes da vida e da morte, pero sempre presentados dunha maneira sinxela e mesmo utilizando un fino sentido do humor. Desde unha mirada individual, a poeta observa a natureza e recoñécese como unha peza máis dentro do cosmos, unha peza grande e pequena á vez.

A pesar de que en moitas ocasións tense cualificado a súa poesía de existencialista, a mesma Szymborska rexeita o cualificativo: «É unha etiqueta favorable, pero confusa. Eu non cultivo ningunha filosofía, tan só unha modesta poesía. Os existencialistas son monumental e monotónamente serios. Non lles gusta andar de brincadeira. De verdade, eu non sinto que coincida demasiado ben con este tipo de pensamento» (entrevista concedida á xornalista polaca Krystyna Nastulanka en 1975).

Ademais do Premio Nobel de Literatura que recibiu en 1996, a súa obra foi anteriormente merecedora de diversos premios, entre os que destacan o Premio Goethe, en 1991, e O Premio Herder, en 1995.

En 1996, cando recibiu o Nobel, só había uns cantos poemas traducidos ao español nunha antoloxía colectiva, hoxe pódese atopar toda a súa poesía neste idioma e desde o ano 2011 contamos tamén cunha parte da súa obra poética traducida ao galego (*Versos escollidos*, versión bilingüe polaco-galego de 84 poemas traducidos por Lucía Caeiro, en Edicións Positivas). ■